

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

21538 LEI ORGÁNICA 15/2003, do 25 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal. («BOE» 283, do 26-11-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O vixente Código penal foi aprobado mediante a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro. O tempo transcorrido desde entón puxo de manifesto que cómpre levar a cabo a súa actualización para abordar novas necesidades xurdidas coa experiencia obtida da súa aplicación.

A iniciativa reformadora presentouse en distintos ámbitos. Xa en 1998 o Congreso dos Deputados aprobou unha resolución instando o Consello Xeral do Poder Xudicial para estudia-la efectiva aplicación do Código penal, detectando os problemas que esta implicaba. O citado Consello Xeral prestou o seu informe o día 12 de xullo de 1999 coa análise daqueles aspectos que presentaron maior complexidade na aplicación do novo código.

Así mesmo, o presidente do Goberno, no seu discurso de investidura perante o Congreso dos Deputados, celebrado o día 25 de abril de 2000, anunciou a reforma do proceso penal, do sistema de penas e do control do seu cumprimento, e a intención do Goberno de encomendar a unha comisión técnica o correspondente estudo previo. En cumprimento deste compromiso perante a Cámara, constituíuse por orde do ministro de Xustiza do 14 de xullo de 2000 unha Comisión Técnica de Reforma do Sistema de Penas no seo do Ministerio de Xustiza, para realizar un estudo sobre o sistema de penas contido no Código penal, o seu grao de aplicación e eficacia, e a formulación, cando for o caso, dunha proposta de reforma legal. A proposta elevada por esta Comisión Técnica fundamenta moitas das reformas do articulado do Código penal que se conteñen nesta lei orgánica.

Xunto a esta proposta, que ten por obxecto, esencialmente, o réxime de penas e a súa aplicación, a refor-

ma do Código penal pretende a adaptación dos tipos xa existentes e a introducción de novas figuras delictuosas, nos termos que se desprenden das diferentes propostas parlamentarias e de acordo coas máis prementes preocupacións sociais, co fin de conseguir que o ordenamento penal dea unha resposta efectiva á realidade delictuosa actual.

As reformas do Código penal que se conteñen nesta lei orgánica abordáronse no marco dunha revisión parcial, mais sistemática e coherente, do actual Código penal. Por isto se respectaron a súa estrutura e os seus principios, a unidade e o sistema do Código penal de 1995. Por tanto, as modificacións operadas nun importante número de artigos responden exclusivamente á inclusión de determinadas novidades de carácter técnico como son a substitución das denominacións en pesetas por euros, a inclusión de novas penas e a mellora da sistemática, entre outras.

II

As reformas máis destacables na parte xeral do Código penal son as seguintes:

a) A duración mínima da pena de prisión pasa de seis a tres meses, co fin de que a pena de privación de liberdade de curta duración poida cumpri-la súa función de prevención xeral adecuada respecto dos delitos de escasa importancia. Asemade, esta duración mínima permite estruturar de forma máis adecuada a relación existente entre faltas e delitos e a escala de penalidade aplicable a ambos.

b) Establécese en cinco anos a duración da pena que permite distinguir entre a grave de prisión e a menos grave, co que se consegue unha regulación harmonizada coa distribución de competencias entre o xulgado do penal e a audiencia provincial prevista na Lei de auxiliumo criminal, de modo que a audiencia provincial coñecerá dos delitos castigados con penas graves e os xulgados do penal dos delitos castigados con penas menos graves.

c) Suprímese a pena de arresto de fin de semana, que non tivo unha aplicación práctica satisfactoria, e substitúese, segundo os casos, pola pena de prisión de curta duración —de tres meses en diante nos delitos—, pola pena de traballo en beneficio da comunidade ou pola pena de localización permanente, que se crea nesta lei orgánica.

d) A pena de localización permanente é unha importante novidade que tenta dar unha resposta penal efectiva a determinados tipos delictuosos e que se basea na aplicación de novas medidas fornecidas polo desenvolvemento da tecnoloxía. A configuración desta pena permite a súa aplicación con éxito para previr conductas típicas constitutivas de infraccións penais leves, a un tempo que se evitan os efectos prexudiciais da reclusión en establecementos penitenciarios. En relación coa súa aplicación, prevese que se cumpra no domicilio ou noutro

lugar sinalado polo xuíz ou tribunal por un período de tempo que non pode excederlos doce días, xa sexan consecutivos xa nas fins de semana, se o xuíz ou tribunal sentenciador o considera máis procedente.

e) Poténciase e mellórase substantivamente a eficacia da pena de traballos en beneficio da comunidade, non só pola súa aplicación a un maior número de delitos e faltas, senón tamén pola incorporación ó Código penal do réxime xurídico do seu incumprimento.

f) Amplíase a duración máxima das penas de afastamento e de non aproximación á vítima, incluíndose a previsión do seu cumprimento simultáneo coa de prisión e mesmo concluída a pena, para evita-lo acercamento durante os permisos de saída ou outros beneficios penitenciarios ou despois do seu cumprimento. Establécese por separado as tres modalidades existentes na actualidade, co fin de que se poida impo-la que corresponda á verdadeira natureza do delito: a prohibición de residir e acudir a determinados lugares, a prohibición de aproximación á vítima ou outras persoas e a prohibición de comunicación coa vítima ou outras persoas. E, por último, mellórase tecnicamente para que sirva con máis eficacia á prevención e represión dos delitos e, en especial, á loita contra a violencia doméstica, establecéndose a posible suspensión do réxime de visitas, comunicación e estadía dos fillos, así como a prohibición de comunicacións por medios informáticos ou telemáticos. Esta mesma reforma faise na regulación da medida de seguridade equivalente.

g) Introdúcense outras novidades como a ampliación da duración máxima da pena de privación do dereito á tenza de armas, que pasa de 10 a 15 anos, ou a aclaración da pena de privación do permiso de conducir vehículos de motor de modo que se especifica que o condenado non poderá conducir nin vehículos nin ciclomotores cando se lle impoña esa pena.

h) Modifícase o delito continuado, de modo que o autor dun delito ou falta continuados poderá ser castigado coa pena na súa metade superior, como na actualidade, pero podendo chegar a imporse a pena en grao superior na súa metade inferior, atendendo ás circunstancias do delito.

i) En relación coa suspensión da execución, introdúcese a novidade de excluír, para estes efectos, do conxunto da pena ou penas impostas, a pena derivada da falta de pagamento da multa.

j) Introdúcense importantes medidas tendentes a favorecer a rehabilitación daqueles que cometesen o feito delictuoso a causa da súa dependencia de drogas, alcohol ou substancias psicotrópicas. Para isto, permítese obter-lo beneficio da suspensión cando as penas impostas sexan ata de cinco anos, e non só ata tres como ocurría ata o momento. Ademais, con obxecto de que a medida sexa eficaz, mellórase o réxime dos requisitos que debe cumprilo condenado, do tratamento a que se debe someter e da súa supervisión periódica. De forma coordinada prevese que, cando estea próximo o vencemento da medida de internamento para tratamento médico ou educación especial ou de deshabitación, se comunique ó Ministerio Fiscal para que inste, se for procedente, a declaración de incapacidade ante a xurisdicción civil.

k) En relación coa substitución das penas inclúese como novidade que, no caso de as penas non excederen os dous anos en relación cos reos non habituais, poidan ser substituídas por multa e traballos en beneficio da comunidade, coa finalidade de potencia-la aplicación desta última modalidade penolóxica e conseguir un claro efecto resocializador e reeducativo.

l) Abórdase a responsabilidade penal das persoas xurídicas, ó establecerse que cando se impoña unha pena de multa ó administrador de feito ou de dereito dunha persoa xurídica por feitos relacionados coa súa actividade, esta será responsable do pagamento de maneira directa e solidaria. Así mesmo, nos supostos de tráfico de drogas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, prevese a posibilidade de que se o delito se cometeu a través dunha sociedade ou organización esta, ademais de poder ser clausurada, suspendida na súa actividade, disolta ou intervida, poida ser privada do dereito a obter beneficios fiscais e poidan se-los seus bens obxecto de comiso.

m) Modifícase o ámbito e alcance do comiso, co fin de evitar que a comisión do delito poida produci-lo máis mínimo enriquecemento para os seus autores e partícipes, así como mellora-la represión dos delitos, en especial de narcotráfico e branqueo de diñeiro. Para isto esténdese o comiso ós bens, medios ou instrumentos cos que se preparase o delito así como ás ganancias provenientes del, calquera que sexa a transformación que puidesen ter experimentado, mesmo se se transmitisen a un terceiro, salvo que este os recibise legalmente de boa fe. Tamén se incorpora o comiso de bens por valor equivalente, así como se prevé a posibilidade de que o acorde tribunal, mesmo cando non se impoña pena a algún dos imputados por estar exento de responsabilidade criminal.

n) En relación coa multa introdúcense diversas modificacións, que teñen como principais obxectivos a súa coordinación coa pena de prisión, a súa adaptación á verdadeira situación económica e familiar do condenado e a súa imposición atendendo á verdadeira natureza do delito. Estas modificacións respectan o modelo do Código penal actual, tanto en termos xerais, no atinente ós supostos en que configura a multa como unha alternativa á prisión, como no atinente á proporcionalidade de dous días de multa por un de prisión.

ñ) Por último, introdúcense determinadas reformas técnicas que afectan, entre outros, o concepto de reo habitual, a extinción de responsabilidade criminal, os prazos de prescrición dos delitos e a cancelación dos antecedentes penais.

III

Polo que se refire á reforma da parte especial do Código penal, as modificacións pódense estruturar arredor de dúas categorías: aquelas que se refiren ós criterios xerais sobre a penalidade que se imporá en cada caso, que son, principalmente, consecuencia das anteriores modificacións da parte xeral, e aquelas que se refiren a tipos delictuosos novos.

As primeiras introducíronse tendo en conta os principios de proporcionalidade, coherencia e respecto á sistemática que presiden esta reforma, tendo en conta, en casos concretos, para impo-la penalidade correspondente as circunstancias sociais, económicas e culturais.

No que atinxe os delitos, cabe destaca-las seguintes modificacións:

a) Os delitos contra a liberdade e a indemnidade sexual modifícanse para impedir interpretacións que impidan penar determinadas condutas dunha especial gravidade.

b) Respecto ós delitos relativos á corrupción de menores, abordouse unha importante reforma do delito de pornografía infantil, endurecendo as penas, mellorando a técnica na descrición das condutas e introducindo tipos como a posesión para o propio uso do

material pornográfico en que se utilizasen menores ou incapaces ou os supostos da denominada pornografía infantil virtual.

c) Nos delitos de inxurias e calumnias contra funcionario público ou autoridade administrativa ou axente dela estableceuse, de acordo cun importante sector da doutrina, que poidan ser perseguidas de oficio cando sexa sobre feitos concernentes ó exercicio dos seus cargos.

d) Os delitos de incumprimento de obrigas derivadas dos convenios xudicialmente aprobados ou resolucións xudiciais nos supostos de separación legal, divorcio, declaración de nulidade do matrimonio, proceso de filiación ou proceso de alimentos a favor dos fillos mantéñense e incorpórase unha falta para o caso das condutas de ínfima gravidade, neste último caso incluíndo calquera incumprimento de obrigas, non só aquelas que teñan contido económico.

e) Os delitos contra a propiedade intelectual e industrial son obxecto dunha agravación da pena e, en todo caso, da mellora técnica da súa tipificación, de acordo coa realidade social, a configuración do tipo delictivo e a súa repercusión na vida económica e social. Por isto, desaparece tamén o requisito da persecución destes delitos por instancia da vítima, de modo que a partir de agora se poderán perseguir de oficio.

f) Incorpóranse as figuras delictivas relacionadas co acceso ós servizos de radiodifusión sonora ou televisiva ou servizos interactivos prestados a distancia por vía electrónica, facendo unha minuciosa regulación das condutas que atentan directa e gravemente contra a prestación destes servizos, e castigando a manipulación dos equipamentos de telecomunicación, como no caso dos teléfonos móbiles. Con isto téntase dar resposta ós fenómenos delictivos xurdidos arredor do fenómeno da incorporación masiva das tecnoloxías da información e da comunicación a tódolos sectores sociais.

g) Realízanse determinadas modificacións nos tipos delictivos que atinxen o ambiente, bens xurídicos especialmente protexidos e obxecto dunha crecente preocupación social.

h) O maltrato de animais domésticos configúrase como delito cando a conduta sexa grave, manténdose a falta unicamente para os supostos leves. Así mesmo, introdúcese como falta o abandono de animais.

i) Os delitos contra a saúde pública foron obxecto dunha mellora técnica, modificándose a súa descrición, a determinación dos distintos supostos agravados e atenuados, coas súas correspondentes consecuencias na pena, e a ampliación do alcance da figura do comiso. Ampliase sensiblemente a proxección da responsabilidade penal sobre as persoas xurídicas e establécese un agravamento da pena cando as condutas teñan lugar en centros docentes, en centros, establecementos ou unidades militares, en establecementos penitenciarios ou en centros de deshabitación ou rehabilitación ou nas súas proximidades, así como cando o culpable empregue violencia ou exhiba ou faga uso de armas para comete-lo feito.

j) As alteracións da orde con ocasión da celebración de eventos ou espectáculos con asistencia dun gran número de persoas son obxecto dunha especial atención, establecéndose tipos específicos e prevéndose a imposición da pena de privación de acudir a eventos ou espectáculos da mesma natureza daqueles nos que interviñese o condenado, por un tempo superior ata tres anos á pena de prisión imposta.

k) Defínense e regúlanse os delitos que permiten coordina-la nosa lexislación interna coas competencias da Corte Penal Internacional.

l) En materia de faltas a reforma tivo por obxecto, principalmente, substituí-la desaparecida pena de arresto de fin de semana. Como xa se dixo, esta substitución realizouse mediante a nova pena de localización permanente, que ten a súa orixe no antigo arresto domiciliario, a pena de realización de traballos para a comunidade e a pena de prisión de curta duración.

m) Establécese, como se sinalou, unha falta de maltrato de animais cando a conduta sexa moi leve e non teña as consecuencias previstas para o delito. O mesmo ocorre en relación coa perturbación da orde nos actos públicos ou espectáculos deportivos ou culturais e con determinadas condutas leves contrarias ó ambiente.

Artigo único. *Modificación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal.*

Primeiro. Modifícase o artigo 31, que queda redactado como segue:

«1. O que actúe como administrador de feito ou de dereito dunha persoa xurídica, ou en nome ou representación legal ou voluntaria doutro, responderá persoalmente, aínda que non concorran nel as condicións, calidades ou relacións que a correspondente figura de delito ou falta requira para poder ser suxeito activo del, se tales circunstancias se dan na entidade ou persoa en nome ou en representación da cal actúe.

2. Nestes supostos, se se impón en sentenza unha pena de multa ó autor do delito, será responsable do seu pagamento de maneira directa e solidaria a persoa xurídica en nome ou por conta da cal actuou.»

Segundo. Modifícanse os números 2, 3, 4 e 6 do artigo 33, que quedan redactados como segue:

«2. Son penas graves:

- a) A prisión superior a cinco anos.
- b) A inhabilitación absoluta.
- c) As inhabilitacións especiais por tempo superior a cinco anos.
- d) A suspensión de emprego ou cargo público por tempo superior a cinco anos.
- e) A privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores por tempo superior a oito anos.
- f) A privación do dereito a ter e portar armas por tempo superior a oito anos.
- g) A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles, por tempo superior a cinco anos.
- h) A prohibición de se aproximar á vítima ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal por tempo superior a cinco anos.
- i) A prohibición de se comunicar coa vítima ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal por tempo superior a cinco anos.

3. Son penas menos graves:

- a) A prisión de tres meses ata cinco anos.
- b) As inhabilitacións especiais ata cinco anos.
- c) A suspensión de emprego ou cargo público ata cinco anos.
- d) A privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores de un ano e un día a oito anos.

e) A privación do dereito a ter e portar armas de un ano e un día a oito anos.

f) A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles, por tempo de seis meses a cinco anos.

g) A prohibición de se aproximar á vítima ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, por tempo de seis meses a cinco anos.

h) A prohibición de se comunicar coa vítima ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, por tempo de seis meses a cinco anos.

i) A multa de máis de dous meses.

j) A multa proporcional, calquera que sexa a súa contía.

k) Os traballos en beneficio da comunidade de 31 a 180 días.

4. Son penas leves:

a) A privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores de tres meses a un ano.

b) A privación do dereito a ter e portar armas de tres meses a un ano.

c) A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles, por tempo inferior a seis meses.

d) A prohibición de se aproximar á vítima ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, por tempo de un mes a menos de seis meses.

e) A prohibición de se comunicar coa vítima ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, por tempo de un mes a menos de seis meses.

f) A multa de 10 días a dous meses.

g) A localización permanente.

h) Os traballos en beneficio da comunidade de un a 30 días.

6. As penas accesorias terán a duración que respectivamente teña a pena principal, excepto o que dispoñan expresamente outros preceptos deste código.»

Terceiro. Modifícase o artigo 35, que queda redactado como segue:

«Son penas privativas de liberdade a prisión, a localización permanente e a responsabilidade persoal subsidiaria por falta de pagamento de multa.»

Cuarto. Modifícase o número 1 do artigo 36, que queda redactado como segue:

«1. A pena de prisión terá unha duración mínima de tres meses e máxima de 20 anos, salvo o que excepcionalmente dispoñan outros preceptos do presente Código.

O seu cumprimento, así como os beneficios penitenciarios que supoñan acurtamento da condena, axustaranse ó disposto nas leis e neste código.»

Quinto. Modifícase o artigo 37, que queda redactado como segue:

«1. A localización permanente terá unha duración de ata 12 días. O seu cumprimento obriga o penado a permanecer no seu domicilio ou en lugar determinado fixado polo xuíz en sentenza.

2. Se o reo o solicita e as circunstancias o aconsellan, oído o Ministerio Fiscal, o xuíz ou tribunal sentenciador poderá acordar que a condena se cumpra durante os sábados e domingos ou de forma non continuada.

3. Se o condenado incumpre a pena, o xuíz ou tribunal sentenciador deducirá testemuño para proceder de conformidade co que dispón o artigo 468.»

Sexto. Modifícase o artigo 39, que queda redactado como segue:

«Son penas privativas de dereitos:

a) A inhabilitación absoluta.

b) As de inhabilitación especial para emprego ou cargo público, profesión, oficio, industria ou comercio, ou outras actividades determinadas neste código, ou dos dereitos de patria potestade, tutela, garda ou curatela, dereito de sufraxio pasivo ou de calquera outro dereito.

c) A suspensión de emprego ou cargo público.

d) A privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores.

e) A privación do dereito a ter e portar armas.

f) A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles.

g) A prohibición de se aproximar á vítima ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal.

h) A prohibición de se comunicar coa vítima ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal.

i) Os traballos en beneficio da comunidade.»

Sétimo. Modifícase o artigo 40, que queda redactado como segue:

«1. A pena de inhabilitación absoluta terá unha duración de seis a 20 anos; as de inhabilitación especial, de tres meses a 20 anos, e a de suspensión de emprego ou cargo público, de tres meses a seis anos.

2. A pena de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores, e a de privación do dereito a ter e portar armas, terán unha duración de tres meses a 10 anos.

3. A pena de privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles terá unha duración de ata 10 anos. A prohibición de se aproximar á vítima ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas, ou de comunicarse con elas, terá unha duración de un mes a 10 anos.

4. A pena de traballos en beneficio da comunidade terá unha duración de un día a un ano.

5. A duración de cada unha destas penas será a prevista nos números anteriores, salvo o que excepcionalmente dispoñan outros preceptos deste código.»

Oitavo. Modifícase o artigo 42, que queda redactado como segue:

«A pena de inhabilitación especial para emprego ou cargo público produce a privación definitiva do emprego ou cargo sobre o que recaia, aínda que sexa electivo, e dos honores que lle sexan anexos. Produce, ademais, a incapacidade para obterlo mesmo ou outros análogos, durante o tempo da condena. Na sentenza deberanse especificar os empregos, cargos e honores sobre os que recae a inhabilitación.»

Noveno. Modifícase o artigo 46, que queda redactado como segue:

«A inhabilitación especial para o exercicio da patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento priva o penado dos dereitos inherentes á primeira, e supón a extinción das demais, así como a incapacidade para obter nomeamento para os ditos cargos durante o tempo da condena. O xuíz ou tribunal poderá acordar esta pena respecto de todos ou dalgún dos menores que estean a cargo do penado, en atención ás circunstancias do caso.»

Décimo. Modifícase o artigo 48, que queda redactado como segue:

«1. A privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles impide ó penado residir ou acudir ó lugar en que cometese o delicto, ou a aquel en que resida a vítima ou a súa familia, se son distintos.

2. A prohibición de se aproximar á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, impide ó penado acercarse a eles, en calquera lugar onde se encontren, así como acercarse ó seu domicilio, ós seus lugares de traballo e a calquera outro que sexa frecuentado por eles, quedando en suspenso, respecto dos fillos, o réxime de visitas, comunicación e estadia que, se é o caso, se recoñece en sentenza civil ata o total cumprimento desta pena.

3. A prohibición de se comunicar coa vítima, ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, impide ó penado establecer con elas, por calquera medio de comunicación ou medio informático ou telemático, contacto escrito, verbal ou visual.

4. O xuíz ou tribunal poderá acordar que o control destas medidas se realice a través daqueles medios electrónicos que o permitan.»

Décimo primeiro. Modifícase o artigo 49, que queda redactado como segue:

«Os traballos en beneficio da comunidade, que non se poderán impor sen o consentimento do penado, obríganos a presta-la súa cooperación non retribuída en determinadas actividades de utilidade pública, que poderán consistir, en relación con delitos de similar natureza ó cometido polo penado, en labores de reparación dos danos causados ou de apoio ou asistencia ás vítimas. A súa duración diaria non poderá excederlas oito horas e as súas condicións serán as seguintes:

1.^a A execución desenvolverase baixo o control do xuíz de vixilancia penitenciaria, que, para tal efecto, requirirá os informes sobre o desempeño do traballo á Administración, entidade pública ou asociación de interese xeral en que se presten os servizos.

2.^a Non atentará contra a dignidade do penado.

3.^a O traballo en beneficio da comunidade será facilitado pola Administración, a cal poderá establecerlos convenios oportunos para tal fin.

4.^a Gozará da protección dispensada ós penados pola lexislación penitenciaria en materia de Seguraza Social.

5.^a Non se supeditarán ó logro de intereses económicos.

6.^a Os servizos sociais penitenciarios, feitas as verificacións necesarias, comunicarán ó xuíz de vixi-

lancia penitenciaria as incidencias relevantes da execución da pena e, en todo caso, se o penado:

a) Se ausenta do traballo durante polo menos dúas xornadas laborais, sempre que isto supoña un rexeitamento voluntario pola súa parte do cumprimento da pena.

b) A pesar dos requirimentos do responsable do centro de traballo, o seu rendemento é sensiblemente inferior ó mínimo esixible.

c) Se opón ou incumpre de forma reiterada e manifesta as instrucións que lle dea o responsable da ocupación referidas ó desenvolvemento dela.

d) Por calquera outra razón, a súa conduta é tal que o responsable do traballo se nega a seguilo mantendo no centro.

Unha vez valorado o informe, o xuíz de vixilancia penitenciaria poderá acordar-la súa execución no mesmo centro, envia-lo penado para que finalice a execución noutro centro ou entender que o penado incumpriu a pena.

En caso de incumprimento, deducirase testemuño para proceder de conformidade co artigo 468.

7.^a Se o penado falta do traballo por causa xustificada, non se entenderá como abandono da actividade. Non obstante, o traballo perdido non se lle computará na liquidación da condena, na que se deberán facer constalos días ou xornadas que efectivamente traballase do total que se lle impuxese.»

Décimo segundo. Modifícanse os números 3, 4 e 6 do artigo 50, que quedan redactados como segue:

«3. A súa extensión mínima será de 10 días e a máxima de dous anos.

4. A cota diaria terá un mínimo de dous e un máximo de 400 euros. Para efectos de cómputo, cando se fixe a duración por meses ou por anos, entenderase que os meses son de 30 días e os anos de 360.

6. O tribunal, por causa xustificada, poderá autoriza-lo pagamento da multa dentro dun prazo que non exceda os dous anos desde a firmeza da sentenza, ben dunha vez ou nos prazos que se determinen. Neste caso, a falta de pagamento de dous deles determinará o vencemento dos restantes.»

Décimo terceiro. Modifícase o artigo 51, que queda redactado como segue:

«Se, despois da sentenza, varía a situación económica do penado, o xuíz ou tribunal, excepcionalmente e despois da debida indagación da dita situación, poderá modificar tanto o importe das cotas periódicas como os prazos para o seu pagamento.»

Décimo cuarto. Modifícase o artigo 52, que queda redactado como segue:

«1. Non obstante o disposto nos artigos anteriores e cando o código así o determine, a multa establecerase en proporción ó dano causado, o valor do obxecto do delicto ou o beneficio producido por el.

2. Nestes casos, os xuíces e tribunais imporán a multa dentro dos límites fixados para cada delicto, considerando para determinar en cada caso a súa contía, non só as circunstancias atenuantes e agravantes do feito, senón principalmente a situación económica do culpable.

3. Se, despois da sentenza, empeora a situación económica do penado, o xuíz ou tribunal, excepcionalmente e despois da debida indagación desa situación, poderá reduci-lo importe da multa dentro dos límites sinalados pola lei para o delicto de que se trate, ou autoriza-lo seu pagamento nos prazos que se determinen.»

Décimo quinto. Modifícanse os números 1, 3 e 4 do artigo 53, que quedan redactados como segue:

«1. Se o condenado non satisfai, voluntariamente ou por vía de constringimento, a multa imposta, quedará suxeito a unha responsabilidade persoal subsidiaria de un día de privación de liberdade por cada dúas cotas diarias non satisfeitas, que, tratándose de faltas, se poderá cumprir mediante localización permanente. Neste caso, non rexerá a limitación que na súa duración establece o artigo 37.1 deste código.

Tamén poderá o xuíz ou tribunal, logo de conformidade do penado, acordar que a responsabilidade subsidiaria se cumpra mediante traballos en beneficio da comunidade. Neste caso, cada día de privación de liberdade equivalerá a unha xornada de traballo.

3. Esta responsabilidade subsidiaria non se imporá ós condenados a pena privativa de liberdade superior a cinco anos.

4. O cumprimento da responsabilidade subsidiaria extingue a obriga de pagamento da multa, aínda que mellore a situación económica do penado.»

Décimo sexto. Modifícase o artigo 56, que queda redactado como segue:

«1. Nas penas de prisión inferiores a dez anos, os xuíces ou tribunais imporán, atendendo á gravidade do delicto, como penas accesorias, algunha ou algunhas das seguintes:

1.º Suspensión de emprego ou cargo público.

2.º Inhabilitación especial para o dereito de sufraxio pasivo durante o tempo da condena.

3.º Inhabilitación especial para emprego ou cargo público, profesión, oficio, industria ou comercio ou calquera outro dereito, se estes tivesen relación directa co delicto cometido, debendo determinarse expresamente na sentenza esta vinculación, sen prexuízo da aplicación do previsto no artigo 579 deste código.

2. O previsto neste artigo enténdese sen prexuízo da aplicación do disposto noutros preceptos deste código respecto da imposición destas penas.»

Décimo sétimo. Modifícase o artigo 57, que queda redactado como segue:

«1. Os xuíces ou tribunais, nos delitos de homicidio, aborto, lesións, contra a liberdade, de torturas e contra a integridade moral, a liberdade e a indemnidade sexuais, a intimidade, o dereito á propia imaxe e a inviolabilidade do domicilio, o honor, o patrimonio e a orde socioeconómica, atendendo á gravidade dos feitos ou ó perigo que o delincente represente, poderán acordar nas súas sentencias a imposición dunha ou varias das prohibicións previstas no artigo 48, por un tempo que non excederá os dez anos se o delicto fose grave ou os cinco se fose menos grave.

Non obstante o anterior, se o condenado o fose a pena de prisión e o xuíz ou tribunal acordase a imposición dunha ou varias das ditas prohibicións, farao por un tempo superior entre un e 10 anos ó da duración da pena de prisión imposta na sentenza, se o delicto fose grave, e entre un e cinco anos, se fose menos grave. Neste suposto, a pena de prisión e as prohibicións antes citadas serán cumpridas necesariamente polo condenado de forma simultánea.

2. Nos supostos dos delitos mencionados no primeiro parágrafo do número 1 deste artigo cometidos contra quen sexa ou fose o cónxuxe, ou sobre persoa que estea ou estivese ligada ó condenado por unha análoga relación de afectividade aínda sen convivencia, ou sobre os descendentes, ascendentes ou irmáns por natureza, adopción ou afinidade, propios ou do cónxuxe ou convivente, ou sobre os menores ou incapaces que con el convivan ou que se encontren suxeitos á potestade, tutela, curatela, acollemento ou garda de feito do cónxuxe ou convivente, ou sobre persoa amparada en calquera outra relación pola que se encontre integrada no núcleo da súa convivencia familiar, así como sobre as persoas que pola súa especial vulnerabilidade se encontran sometidas á súa custodia ou garda en centros públicos ou privados acordarase, en todo caso, a aplicación da pena prevista no número 2 do artigo 48 por un tempo que non excederá os dez anos se o delicto fose grave ou os cinco se fose menos grave, sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do número anterior.

3. Tamén poderán imporse as prohibicións establecidas no artigo 48, por un período de tempo que non excederá os seis meses, pola comisión dunha infracción cualificada como falta contra as persoas dos artigos 617 e 620.»

Décimo oitavo. Modifícase o artigo 58, que queda redactado como segue:

«1. O tempo de privación de liberdade sufrido provisoriamente será aboado na súa totalidade polo xuíz ou tribunal sentenciador para o cumprimento da pena ou penas impostas na causa en que a privación foi acordada.

2. O aboamento de prisión provisoria en causa distinta da que se decretou será acordado de oficio ou por petición do penado e logo de comprobación de que non foi aboada noutra causa, polo xuíz de vixilancia penitenciaria da xurisdicción de que dependa o centro penitenciario en que se encontre o penado, logo de audiencia do Ministerio Fiscal.

3. Só procederá o aboamento de prisión provisoria sufrida noutra causa cando esta medida cautelar sexa posterior ós feitos delictuosos que motivaron a pena que se pretende aboar.

4. As regras anteriores aplicaranse tamén respecto das privacións de dereitos acordadas cautelarmente.»

Décimo noveno. Modifícase o número 1 do artigo 60, que queda redactado como segue:

«1. Cando, despois de pronunciada sentenza firme, se aprecie no penado unha situación duradeira de trastorno mental grave que lle impida coñecer-lo sentido da pena, o xuíz de vixilancia penitenciaria suspenderá a execución da pena privativa de liberdade que se lle impuxese, garantindo que reciba a asistencia médica precisa, para o cal pode-

rá decreta-la imposición dunha medida de seguridade privativa de liberdade das previstas neste código que non poderá ser, en ningún caso, máis gravosa que a pena substituída. Se se tratase dunha pena de distinta natureza, o xuíz de vixilancia penitenciaria apreciará se a situación do penado lle permite coñecer-lo sentido da pena e, se é o caso, suspenderá a execución impondo as medidas de seguridade que considere necesarias.

O xuíz de vixilancia comunicará ó Ministerio Fiscal, con suficiente anticipación, a próxima extinción da pena ou medida de seguridade imposta, para efectos do previsto pola disposición adicional primeira deste código.»

Vixésimo. Modifícase o número 1 e engádese un número 3 ó artigo 65, que quedan redactados como segue:

«1. As circunstancias agravantes ou atenuantes que consistan en calquera causa de natureza persoal agravarán ou atenuarán a responsabilidade só daqueles en quen concorran.»

«3. Cando no inductor ou no cooperador necesario non concorran as condicións, calidades ou relacións persoais que fundamentan a culpabilidade do autor, os xuíces ou tribunais poderán impo-la pena inferior en grao á sinalada pola lei para a infracción de que se trate.»

Vixésimo primeiro. Modifícase o artigo 68, que queda redactado como segue:

«Nos casos previstos na circunstancia primeira do artigo 21, os xuíces ou tribunais imporán a pena inferior en un ou dous graos á sinalada pola lei, atendidos o número e a entidade dos requisitos que falten ou concorran, e as circunstancias persoais do seu autor, sen prexuízo da aplicación do artigo 66 do presente Código.»

Vixésimo segundo. Modifícase o artigo 70, que queda redactado como segue:

«1. A pena superior e inferior en grao á prevista pola lei para calquera delicto terá a extensión resultante da aplicación das seguintes regras:

1.^a A pena superior en grao formarase partindo da cifra máxima sinalada pola lei para o delicto de que se trate e aumentando a esta a metade da súa contía, constituíndo a suma resultante o seu límite máximo. O límite mínimo da pena superior en grao será o máximo da pena sinalada pola lei para o delicto de que se trate, incrementado nun día ou nun día multa segundo a natureza da pena que se impoña.

2.^a A pena inferior en grao formarase partindo da cifra mínima sinalada para o delicto de que se trate e deducindo desta a metade da súa contía, constituíndo o resultado de tal dedución o seu límite mínimo. O límite máximo da pena inferior en grao será o mínimo da pena sinalada pola lei para o delicto de que se trate, reducido nun día ou nun día multa segundo a natureza da pena que se impoña.

2. Para os efectos de determina-la metade superior ou inferior da pena ou de concreta-la pena inferior ou superior en grao, o día ou o día multa consideraranse indivisibles e actuarán como unidades penolóxicas de máis ou menos, segundo os casos.

3. Cando, na aplicación da regra 1.^a do número 1 deste artigo, a pena superior en grao exceda os límites máximos fixados a cada pena neste código, consideraranse como inmediatamente superiores:

1.^o Se a pena determinada fose a de prisión, a mesma pena, coa cláusula de que a súa duración máxima será de 30 anos.

2.^o Se fose de inhabilitación absoluta ou especial, a mesma pena, coa cláusula de que a súa duración máxima será de 30 anos.

3.^o Se fose de suspensión de emprego ou cargo público, a mesma pena, coa cláusula de que a súa duración máxima será de oito anos.

4.^o Tratándose de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores, a mesma pena, coa cláusula de que a súa duración máxima será de 15 anos.

5.^o Tratándose de privación do dereito a ter e portar armas, a mesma pena, coa cláusula de que a súa duración máxima será de 20 anos.

6.^o Tratándose de privación do dereito a residir en determinados lugares ou acudir a eles, a mesma pena, coa cláusula de que a súa duración máxima será de 20 anos.

7.^o Tratándose de prohibición de se aproximar á vítima ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, a mesma pena, coa cláusula de que a súa duración máxima será de 20 anos.

8.^o Tratándose de prohibición de se comunicar coa vítima ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, a mesma pena, coa cláusula de que a súa duración máxima será de 20 anos.

9.^o Se fose de multa, a mesma pena, coa cláusula de que a súa duración máxima será de 30 meses.»

Vixésimo terceiro. Modifícase o artigo 71, que queda redactado como segue:

«1. Na determinación da pena inferior en grao, os xuíces ou tribunais non quedarán limitados polas contías mínimas sinaladas na lei a cada clase de pena, senón que poderán reducilas na forma que resulte da aplicación da regra correspondente, sen que isto supoña a degradación a falta.

2. Non obstante, cando por aplicación das regras anteriores proceda impor unha pena de prisión inferior a tres meses, esta será en todo caso substituída conforme o disposto na sección 2.^a do capítulo III deste título, sen prexuízo da suspensión da execución da pena nos casos en que proceda.»

Vixésimo cuarto. Modifícase o artigo 72, que queda redactado como segue:

«Os xuíces ou tribunais, na aplicación da pena, conforme as normas contidas neste capítulo, razoarán na sentenza o grao e a extensión concreta da imposta.»

Vixésimo quinto. Modifícanse os números 1 e 3 do artigo 74, que quedan redactados como segue:

«1. Non obstante o disposto no artigo anterior, o que, en execución dun plan preconcebido ou aproveitando idéntica ocasión, realice unha pluralidade de accións ou omisións que ofendan un ou varios suxeitos e infrinxan o mesmo precepto penal ou preceptos de igual ou semellante natureza, será

castigado como autor dun delicto ou falta continuados coa pena sinalada para a infracción máis grave, que se imporá na súa metade superior, podendo chegar ata a metade inferior da pena superior en grao.»

«3. Quedan exceptuadas do establecido nos números anteriores as ofensas a bens eminentemente persoais, salvo as constitutivas de infraccións contra o honor e a liberdade e indemnidade sexuais que afecten o mesmo suxeito pasivo. Nestes casos, atenderase á natureza do feito e do precepto infrinxido para aplicar ou non a continuidade delictuosa.»

Vixésimo sexto. Modifícase a rúbrica do capítulo III do título III do libro I do Código penal, que pasa a denominarse:

«Das formas substitutivas da execución das penas privativas de liberdade e da liberdade condicional.»

Vixésimo sétimo. Modifícase o número 1 do artigo 80, que queda redactado como segue:

«1. Os xuíces ou tribunais poderán deixar en suspenso a execución das penas privativas de liberdade non superiores a dous anos mediante resolución motivada.

Nesta resolución atenderase fundamentalmente á perigosidade criminal do suxeito, así como á existencia doutros procedementos penais contra este.»

Vixésimo oitavo. Modifícase a condición segunda do artigo 81, que queda redactada como segue:

«2.^a Que a pena ou penas impostas, ou a suma das impostas, non sexa superior a dous anos, sen incluír en tal cómputo a derivada da falta de pagamento da multa.»

Vixésimo noveno. Modifícase o artigo 82, que queda redactado como segue:

«Declarada a firmeza da sentenza e acreditados os requisitos establecidos no artigo anterior, os xuíces ou tribunais pronunciaranse coa maior urxencia sobre a concesión ou non da suspensión da execución da pena.»

Trixésimo. Modifícase o número 1 do artigo 83, que queda redactado como segue:

«1. A suspensión da execución da pena quedar sempre condicionada a que o reo non delinca no prazo fixado polo xuíz ou tribunal, conforme o artigo 80.2 deste código. No caso de a pena suspendida ser de prisión, o xuíz ou tribunal sentenciador, se o considera necesario, poderá tamén condiciona-la suspensión ó cumprimento das obrigas ou deberes que lle fixase de entre as seguintes:

1.^a Prohibición de acudir a determinados lugares.

2.^a Prohibición de aproximarse á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, ou de comunicarse con eles.

3.^a Prohibición de ausentarse sen autorización do xuíz ou tribunal do lugar onde resida.

4.^a Comparecer persoalmente ante o xulgado ou tribunal, ou servizo da Administración que estes sinalen, para informar das súas actividades e xustificalas.

5.^a Participar en programas formativos, laborais, culturais, de educación vial, sexual e outros similares.

6.^a Cumprilos demais deberes que o xuíz ou tribunal considere convenientes para a rehabilitación social do penado, logo de conformidade deste, sempre que non atenten contra a súa dignidade como persoa.

Se se trata dos delictos establecidos nos artigos 153 e 173.2 deste código, o xuíz ou tribunal condicionará en todo caso a suspensión ó cumprimento das obrigas ou deberes previstos nas regras 1.^a e 2.^a deste número.»

Trixésimo primeiro. Engádese un novo número 3 ó artigo 84, que queda redactado como segue:

«3. Nos supostos en que a pena suspendida sexa a de prisión por comisión dos delictos considerados nos artigos 153 e 173.2 deste código, o incumprimento por parte do reo das obrigas ou deberes sinalados nos números 1 e 2 do número primeiro do artigo 83 deste código determinará a revogación da suspensión da execución da pena.»

Trixésimo segundo. Modifícase o artigo 85, que queda redactado como segue:

«1. Revogada a suspensión, ordenarase a execución da pena.

2. Transcorrido o prazo de suspensión fixado sen o suxeito ter delinquir, e cumpridas, se é o caso, as regras de conducta fixadas polo xuíz ou tribunal, este acordará a remisión da pena.»

Trixésimo terceiro. Modifícanse os números 1 e 4 do artigo 87, que quedan redactados como segue:

«1. Aínda cando non concorran as condicións 1.^a e 2.^a previstas no artigo 81, o xuíz ou tribunal, con audiencia das partes, poderá acorda-la suspensión da execución das penas privativas de liberdade non superiores a cinco anos dos penados que cometesen o feito delictuoso a causa da súa dependencia das substancias sinaladas no número 2.^o do artigo 20, sempre que sexa certificado suficientemente, por centro ou servizo público ou privado debidamente acreditado ou homologado, que o condenado se encontra deshabitado ou sometido a tratamento para tal fin no momento de decidir sobre a suspensión.

O xuíz ou tribunal solicitará en todo caso informe do médico forense sobre os extremos anteriores.»

«4. No caso de o condenado se encontrar sometido a tratamento de deshabitación, tamén se condicionará a suspensión da execución da pena a que non abandone o tratamento ata a súa finalización. Os centros ou servizos responsables do tratamento estarán obrigados a facilitar ó xuíz ou tribunal sentenciador, nos prazos que sinale, e nunca cunha periodicidade superior ó ano, a información precisa para comproba-lo comezo daquel, así como para coñecer periodicamente a súa evolución, as modificacións que deba experimentar así como a súa finalización.»

Trixésimo cuarto. Modifícase o artigo 88, que queda redactado como segue:

«1. Os xuíces ou tribunais poderán substituír, logo de audiencia das partes, na mesma sentenza, ou posteriormente en auto motivado, antes de dar

inicio á súa execución, as penas de prisión que non excedan un ano por multa ou por traballos en beneficio da comunidade, aínda que a lei non prevexa estas penas para o delicto de que se trate, cando as circunstancias persoais do reo, a natureza do feito, a súa conducta e, en particular, o esforzo para reparar-lo dano causado así o aconsellen, sempre que non se trate de reos habituais, substituíndose cada día de prisión por dúas cotas de multa ou por unha xornada de traballo. Nestes casos o xuíz ou tribunal poderá, ademais, impor ó penado a observancia dunha ou varias obrigas ou deberes previstos no artigo 83 deste código, de non se teren establecido como penas na sentenza, por tempo que non poderá exceder-la duración da pena substituída.

Excepcionalmente, os xuíces ou tribunais poderán substituír por multa ou por multa e traballos en beneficio da comunidade, as penas de prisión que non excedan os dous anos ós reos non habituais, cando das circunstancias do feito e do culpable se infira que o cumprimento daquelas frustraría os seus fins de prevención e reinserción social. Nestes casos, a substitución levarase a cabo cos mesmos requisitos e nos mesmos termos e módulos de conversión establecidos no parágrafo anterior para a pena de multa.

No caso de que o reo fose condenado polo delicto tipificado no artigo 173.2 deste código, a pena de prisión só poderá ser substituída pola de traballos en beneficio da comunidade. Nestes supostos, o xuíz ou tribunal imporá adicionalmente, ademais da suxeición a programas específicos de reeducación e tratamento psicolóxico, a observancia das obrigas ou deberes previstos nos números 1 e 2 do número primeiro do artigo 83 deste código.

2. No suposto de incumprimento en todo ou en parte da pena substitutiva, a pena de prisión inicialmente imposta executarase descontando, cando sexa o caso, a parte de tempo a que equivallan as cotas satisfeitas, de acordo coa regra de conversión establecida no número precedente.

3. En ningún caso se poderán substituír penas que sexan substitutivas doutras.»

Trixésimo quinto. Modifícase o artigo 92, que queda redactado como segue:

«1. Non obstante o disposto nos artigos anteriores, os sentenciados que cumprisen a idade de 70 anos, ou a cumpran durante a extinción da condena, e reúnan os requisitos establecidos, excepto o de ter extinguido as tres cuartas partes daquela ou, se é o caso, as dúas terceiras, poderán obter-la concesión da liberdade condicional.

O mesmo criterio se aplicará cando, segundo informe médico, se trate de enfermos moi graves con padecementos incurables.

2. Constando á Administración penitenciaria que o interno se acha en calquera dos casos previstos nos parágrafos anteriores, elevará o expediente de liberdade condicional, coa urxencia que o caso requira, ó xuíz de vixilancia penitenciaria que, á hora de resolvelo, valorará xunto ás circunstancias persoais a dificultade para delinquir e a escasa perigosidade do suxeito.

3. Se o perigo para a vida do interno, por causa da súa enfermidade ou da súa avanzada idade, é patente, por estar así acreditado polo dictame do médico forense e dos servizos médicos do esta-

blecemento penitenciario, o xuíz de vixilancia penitenciaria poderá, precedendo, de se-lo caso, a progresión de grao, autoriza-la liberdade condicional sen máis trámite que requirir ó centro penitenciario o informe de prognóstico final co obxecto de poder face-la valoración a que se refire o parágrafo anterior, todo isto sen prexuízo do seguimento e control previstos polo artigo 75 da Lei orgánica xeral penitenciaria.»

Trixésimo sexto. O artigo 94 queda redactado así:

«Para os efectos previstos na sección 2.^a deste capítulo, considéranse reos habituais os que cometen tres ou máis delitos dos comprendidos nun mesmo capítulo, nun prazo non superior a cinco anos, e fosen condenados por isto.

Para realizar este cómputo consideraranse, por unha parte, o momento de posible suspensión ou substitución da pena conforme o artigo 88 e, por outra parte, a data de comisión daqueles delitos que fundamenten a apreciación da habitualidade.»

Trixésimo sétimo. Modifícase o número 2 do artigo 95, que queda redactado como segue:

«2. Cando a pena que se tivese podido impor polo delicto cometido non sexa privativa de liberdade, o xuíz ou tribunal sentenciador só poderá acordar algunha ou algunhas das medidas previstas no artigo 96.3.»

Trixésimo oitavo. Modifícase o artigo 96, que queda redactado como segue:

«1. As medidas de seguridade que se poden impor conforme este Código son privativas e non privativas de liberdade.

2. Son medidas privativas de liberdade:

- 1.^a O internamento en centro psiquiátrico.
- 2.^a O internamento en centro de deshabitación.
- 3.^a O internamento en centro educativo especial.

3. Son medidas non privativas de liberdade:

- 1.^a A inhabilitación profesional.
- 2.^a A expulsión do territorio nacional de estranxeiros non residentes legalmente en España.
- 3.^a A obriga de residir nun lugar determinado.
- 4.^a A prohibición de residir no lugar ou territorio que se designe. Neste caso, o suxeito quedará obrigado a declara-lo domicilio que elixa e os cambios que se produzan.
- 5.^a A prohibición de acudir a determinados lugares ou territorios, espectáculos deportivos ou culturais, ou de visitar establecementos de bebidas alcohólicas ou de xogo.
- 6.^a A custodia familiar. O sometido a esta medida quedará suxeito ó coidado e vixilancia do familiar que se designe e que acepte a custodia, quen a exercerá en relación co xuíz de vixilancia penitenciaria e sen menoscabo das actividades escolares ou laborais do custodiado.
- 7.^a A privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores.
- 8.^a A privación do dereito a ter e portar armas.
- 9.^a A prohibición de se aproximar á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal.

10.^a A prohibición de se comunicar coa vítima, ou con aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal.

11.^a A submisión a tratamento externo en centros médicos ou establecementos de carácter socio-sanitario.

12.^a O sometemento a programas de tipo formativo, cultural, educativo, profesional, de educación sexual e outros similares.»

Trixésimo noveno. Modifícase a redacción do artigo 97, que queda redactado como segue:

«Durante a execución da sentenza, o xuíz ou tribunal sentenciador adoptará, mediante un procedemento contradictorio, logo de proposta do xuíz de vixilancia penitenciaria, algunha das seguintes decisións:

a) Mante-la execución da medida de seguridade imposta.

b) Decreta-lo cesamento de calquera medida de seguridade imposta logo que desapareza a perigosidade criminal do suxeito.

c) Substituír unha medida de seguridade por outra que considere máis adecuada, entre as previstas para o suposto de que se trate. No caso de ser acordada a substitución e o suxeito evolucionar desfavorablemente, deixarase sen efecto a substitución, volvéndose a aplica-la medida substituída.

d) Deixar en suspenso a execución da medida en atención ó resultado xa obtido coa súa aplicación, por un prazo non superior ó que reste ata o máximo sinalado na sentenza que a impuxo. A suspensión quedará condicionada a que o suxeito non delinca durante o prazo fixado, e poderá deixarse sen efecto se novamente resulta acreditada calquera das circunstancias previstas no artigo 95 deste código.

Para estes efectos, o xuíz de vixilancia penitenciaria estará obrigado a elevar, ó menos anualmente, unha proposta de mantemento, cesamento, substitución ou suspensión da medida de seguridade da pena privativa de liberdade imposta.»

Cuadraxésimo. Modifícase o artigo 99, que queda redactado como segue:

«No caso de concorrencia de penas e medidas de seguridade privativas de liberdade, o xuíz ou tribunal ordenará o cumprimento da medida, que se aboará para o da pena. Unha vez alzada a medida de seguridade, o xuíz ou tribunal poderá, se coa execución da pena se poñen en perigo os efectos conseguidos a través daquela, suspende-lo cumprimento do resto da pena por un prazo non superior á duración dela, ou aplicar algunha das medidas previstas no artigo 96.3.»

Cuadraxésimo primeiro. Modifícase o artigo 100, que queda redactado como segue:

«1. O quebrantamento dunha medida de seguridade de internamento dará lugar a que o xuíz ou tribunal ordene o reingresso do suxeito no mesmo centro de que se evadise ou noutro que corresponda ó seu estado.

2. Se se trata doutras medidas, o xuíz ou tribunal poderá acorda-la substitución da quebrantada pola de internamento se esta está prevista para o suposto de que se trate e se o quebrantamento demostra a súa necesidade.

3. En ámbolos casos o xuíz ou tribunal deducirá testemuño polo quebrantamento.»

Cuadraxésimo segundo. Engádesse un número 2 ó artigo 104 coa seguinte redacción:

«2. Cando se aplique unha medida de internamento das previstas no número anterior ou nos artigos 101, 102 e 103, o xuíz ou tribunal sentenciador comunicará ó Ministerio Fiscal, con suficiente anticipación, a proximidade do seu vencemento, para efectos do previsto pola disposición adicional primeira deste código.»

Cuadraxésimo terceiro. Modifícase o artigo 105, que queda redactado como segue:

«Nos casos previstos nos artigos 101 a 104, o xuíz ou tribunal cando impoña a medida privativa de liberdade, ou durante a execución dela, poderá acordar razoadamente a obriga de que o sometido á medida observe unha ou varias das seguintes medidas:

1. Por un tempo non superior a cinco anos:

a) Submisión a tratamento externo en centros médicos ou establecementos de carácter sociosanitario.

b) Obriga de residir nun lugar determinado.

c) Prohibición de residir no lugar ou territorio que se designe. Neste caso, o suxeito quedará obrigado a declara-lo domicilio que elixa e os cambios que se produzan.

d) Prohibición de acudir a determinados lugares ou territorios, espectáculos deportivos ou culturais, ou de visitar establecementos de bebidas alcohólicas ou de xogo.

e) Custodia familiar. O sometido a esta medida quedará suxeito ó coidado e vixilancia do familiar que se designe e que acepte a custodia, quen a exercerá en relación co xuíz de vixilancia e sen menoscabo das actividades escolares ou laborais do custodiado.

f) Sometemento a programas de tipo formativo, cultural, educativo profesional, de educación sexual e outros similares.

g) Prohibición de se aproximar á vítima, ou a aqueles dos seus familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, ou de se comunicar con eles.

2. Por un tempo de ata dez anos:

a) A privación do dereito a ter e portar armas.

b) A privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores.

Para decreta-la obriga de observar algunha ou algunhas das medidas previstas neste artigo, o xuíz ou tribunal sentenciador deberá valora-los informes emitidos polos facultativos e profesionais encargados de asistilo sometido á medida de seguridade.

O xuíz de vixilancia penitenciaria ou os servicios da Administración correspondente informarán o xuíz ou tribunal sentenciador.»

Cuadraxésimo cuarto. Modifícase o artigo 127, que queda redactado como segue:

«1. Toda pena que se impoña por un delito ou falta dolosos levará consigo a perda dos efectos que deles proveñan e dos bens, medios ou ins-

trumentos con que se preparase ou executase, así como as ganancias provenientes do delito ou falta, calquera que sexa a transformación que puidesen ter experimentado. Os uns e as outras serán comisados, a non ser que pertencen a un terceiro de boa fe non responsable do delito que os adquirise legalmente.

2. Se por calquera circunstancia non é posible o comiso dos bens sinalados no número anterior, acordarase o comiso por un valor equivalente doutros bens que pertencen ós criminalmente responsables do feito.

3. O xuíz ou tribunal poderá acorda-lo comiso previsto nos números anteriores deste artigo aínda cando non se imponha pena a algunha persoa por estar exenta de responsabilidade criminal ou por terse extinguido esta, neste último caso, sempre que quede demostrada a situación patrimonial ilícita.

4. Os que se comisen venderanse, se son de lícito comercio, aplicándose o seu produto a cubri-las responsabilidades civís do penado se a lei non prevé outra cousa, e, se non o son, daráselle-lo destino que se dispoña regulamentariamente e, no seu defecto, inutilizaranse.»

Cuadraxésimo quinto. Modifícase o número 1 do artigo 129, que queda redactado como segue:

«1. O xuíz ou tribunal, nos supostos previstos neste código, e sen prexuízo do establecido no seu artigo 31, logo de audiencia do Ministerio Fiscal e dos titulares ou dos seus representantes legais poderá impor, motivadamente, as seguintes consecuencias:

a) Clausura da empresa, os seus locais ou establecementos, con carácter temporal ou definitivo. A clausura temporal non poderá exceder-las cinco anos.

b) Disolución da sociedade, asociación ou fundación.

c) Suspensión das actividades da sociedade, empresa, fundación ou asociación por un prazo que non poderá exceder-las cinco anos.

d) Prohibición de realizar no futuro actividades, operacións mercantís ou negocios da clase daqueles en exercicio dos cales se cometese, se favorecese ou se encubriese o delito. Esta prohibición poderá ter carácter temporal ou definitivo. Se ten carácter temporal, o prazo de prohibición non poderá exceder-las cinco anos.

e) A intervención da empresa para salvagarda-las dereitos dos traballadores ou dos acredores polo tempo necesario e sen que exceda un prazo máximo de cinco anos.»

Cuadraxésimo sexto. Modifícase o artigo 130, que queda redactado como segue:

«A responsabilidade criminal extínguese:

1.º Pola morte do reo.

2.º Polo cumprimento da condena.

3.º Pola remisión definitiva da pena, conforme o disposto no artigo 85.2 deste código.

4.º Polo indulto.

5.º Polo perdón do ofendido, cando a lei así o prevexa. O perdón deberá ser outorgado de forma expresa antes de se dictar sentenza, para o cal o xuíz ou tribunal sentenciador deberá oír-lo ofendido polo delito antes de a dictar.

Nos delitos ou faltas contra menores ou incapacitados, os xuíces ou tribunais, oído o Ministerio Fiscal, poderán rexeita-la eficacia do perdón outorgado polos representantes daqueles, ordenando a continuación do procedemento, con intervención do Ministerio Fiscal, ou o cumprimento da condena.

Para rexeita-lo perdón a que se refire o parágrafo anterior, o xuíz ou tribunal deberá oír novamente o representante do menor ou incapaz.

6.º Pola prescrición do delito.

7.º Pola prescrición da pena ou da medida de seguridade.»

Cuadraxésimo sétimo. Modifícanse os números 1 e 4 do artigo 131, que quedan redactados como segue:

«1. Os delitos prescriben:

Os 20 anos, cando a pena máxima sinalada ó delito sexa prisión de 15 ou máis anos.

Os 15, cando a pena máxima sinalada pola lei sexa inhabilitación por máis de 10 anos, ou prisión por máis de 10 e menos de 15 anos.

Os 10, cando a pena máxima sinalada pola lei sexa prisión ou inhabilitación por máis de cinco anos e que non exceda os 10.

Os cinco, cando a pena máxima sinalada pola lei sexa prisión ou inhabilitación por máis de tres anos e que non exceda os cinco.

Os tres anos, os restantes delitos menos graves.

Os delitos de calumnia e inxuria prescriben ó ano.»

«4. Os delitos de lesa humanidade e de xenocidio e os delitos contra as persoas e bens protexidos en caso de conflito armado non prescribirán en ningún caso.»

Cuadraxésimo oitavo. Modifícase o número 1 do artigo 132, que queda redactado como segue:

«1. Os termos previstos no artigo precedente computaranse desde o día en que se cometese a infracción punible. Nos casos de delito continuado, delito permanente, ben como nas infraccións que esixan habitualidade, tales termos computaranse, respectivamente, desde o día en que se realizou a última infracción, desde que se eliminou a situación ilícita ou desde que cesou a conducta.

Na tentativa de homicidio e nos delitos de aborto non consentido, lesións, contra a liberdade, de torturas e contra a integridade moral, a liberdade e indemnidade sexuais, a intimidade, o dereito á propia imaxe e a inviolabilidade do domicilio, cando a vítima sexa menor de idade, os termos computaranse desde o día en que esta alcanzase a maioría de idade, e se falece antes de alcanzala, a partir da data do falecemento.»

Cuadraxésimo noveno. Modifícase o artigo 133, que queda redactado como segue:

«1. As penas impostas por sentenza firme prescriben:

Os 30 anos, as de prisión por máis de 20 anos.

Os 25 anos, as de prisión de 15 ou máis anos sen que excedan os 20.

Os 20, as de inhabilitación por máis de 10 anos e as de prisión por máis de 10 e menos de 15.

Os 15, as de inhabilitación por máis de seis anos e que non excedan os 10, e as de prisión por máis de cinco anos e que non excedan os 10.

Ós 10, as restantes penas graves.

Ós cinco, as penas menos graves.

Ó ano, as penas leves.

2. As penas impostas polos delitos de lesa humanidade e de xenocidio e polos delitos contra as persoas e bens protexidos en caso de conflito armado, non prescribirán en ningún caso.»

Quincuaxésimo. Modifícanse os números 1, 2, 3 e 5 do artigo 136, que quedan redactados como segue:

«1. Os condenados que extinguisen a súa responsabilidade penal teñen dereito a obter do Ministerio de Xustiza, de oficio ou por instancia de parte, a cancelación dos seus antecedentes penais, logo de informe do xuíz ou tribunal sentenciador.

2. Para o recoñecemento deste dereito serán requisitos indispensables:

1.º Ter satisfeitas as responsabilidades civís provenientes da infracción, excepto nos supostos de insolvencia declarada polo xuíz ou tribunal sentenciador, salvo que mellorase a situación económica do reo.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, no caso previsto no artigo 125 será suficiente que o reo estea ó día dos pagamentos fraccionados que lle fosen sinalados polo xuíz ou tribunal e preste, a xuízo deste, garantía suficiente con respecto á cantidade adiada.

2.º Ter transcorrido, sen o culpable delinquir, os seguintes prazos: seis meses para as penas leves; dous anos para as penas que non excedan os 12 meses e as impostas por delitos imprudentes; tres anos para as restantes penas menos graves; e cinco para as penas graves.

3. Estes prazos contarán desde o día seguinte a aquel en que quedase extinguida a pena, pero se isto ocorrese mediante a remisión condicional, o prazo, unha vez obtida a remisión definitiva, computarase retrotraéndoo ó día seguinte a aquel en que quedase cumprida a pena se non se desfrutase deste beneficio. Neste caso, tomarase como data inicial para o cómputo da duración da pena o día seguinte ó do outorgamento da suspensión.»

«5. Nos casos en que, a pesar de se cumpriren os requisitos establecidos neste artigo para a cancelación, ben por solicitude do interesado, ben de oficio polo Ministerio de Xustiza, esta non se producise, o xuíz ou tribunal, acreditadas tales circunstancias, ordenará a cancelación e non terá en conta os ditos antecedentes.»

Quincuaxésimo primeiro. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 146, que queda redactado como segue:

«O que por imprudencia grave ocasione un aborto será castigado coa pena de prisión de tres a cinco meses ou multa de seis a 10 meses.»

Quincuaxésimo segundo. Modifícase o número 2 do artigo 147, que queda redactado como segue:

«2. Non obstante, o feito descrito no número anterior será castigado coa pena de prisión de tres a seis meses ou multa de seis a 12 meses, cando sexa de menor gravidade, atendidos o medio empregado ou o resultado producido.»

Quincuaxésimo terceiro. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 152, que quedan redactados como segue:

«1. O que por imprudencia grave cause algunha das lesións previstas nos artigos anteriores será castigado:

1.º Coa pena de prisión de tres a seis meses, se se trata das lesións do artigo 147.1.

2.º Coa pena de prisión de un a tres anos, se se trata das lesións do artigo 149.

3.º Coa pena de prisión de seis meses a dous anos, se se trata das lesións do artigo 150.

2. Cando os feitos referidos neste artigo se cometesen utilizando un vehículo de motor, un ciclomotor ou unha arma de fogo, imporase así mesmo, e respectivamente, a pena de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores ou do dereito a ter e portar armas polo prazo de un a catro anos.»

Quincuaxésimo cuarto. Modifícase o artigo 154, que queda redactado como segue:

«Os que rifen entre si, acometéndose tumultuosamente, e utilizando medios ou instrumentos que poñan en perigo a vida ou a integridade das persoas, serán castigados pola súa participación na rifa coa pena de prisión de tres meses a un ano ou multa de seis a 24 meses.»

Quincuaxésimo quinto. Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 158, que queda redactado como segue:

«O que, por imprudencia grave, cometa os feitos descritos no artigo anterior, será castigado coa pena de prisión de tres a cinco meses ou multa de seis a 10 meses.»

Quincuaxésimo sexto. Modifícase o artigo 160, que queda redactado como segue:

«1. A utilización da enxeñería xenética para producir armas biolóxicas ou exterminadoras da especie humana será castigada coa pena de prisión de tres a sete anos e inhabilitación especial para emprego ou cargo público, profesión ou oficio por tempo de sete a 10 anos.

2. Serán castigados coa pena de prisión de un a cinco anos e inhabilitación especial para emprego ou cargo público, profesión ou oficio de seis a 10 anos os que fecunden óvulos humanos con calquera fin distinto á procreación humana.

3. Coa mesma pena se castigará a creación de seres humanos idénticos por clonación ou outros procedementos dirixidos á selección da raza.»

Quincuaxésimo sétimo. Modifícase o artigo 161, que pasa a te-lo contido do actual artigo 162.

Quincuaxésimo oitavo. Modifícase o artigo 162, que queda redactado como segue:

«Nos delitos recollidos neste título, a autoridade xudicial poderá impor algunha ou algunhas das consecuencias previstas no artigo 129 deste código cando o culpable pertenza a unha sociedade, organización ou asociación, mesmo de carácter transitorio, que se dedique á realización de tales actividades.»

Quincuaxésimo noveno. Modifícase o número 2 do artigo 170, que queda redactado como segue:

«2. Serán castigados coa pena de prisión de seis meses a dous anos, os que, coa mesma finalidade e gravidade, reclamen publicamente a comisión de accións violentas por parte de bandas armadas, organizacións ou grupos terroristas.»

Sesaxésimo. Modifícase o artigo 171, que queda redactado como segue:

«1. As ameazas dun mal que non constitúa delicto serán castigadas con pena de prisión de tres meses a un ano ou multa de seis a 24 meses, atendidas a gravidade e circunstancia do feito, cando a ameaza sexa condicional e a condición non consista nunha conducta debida. Se o culpable conseguiu o seu propósito, imporáselle a pena na súa metade superior.

2. Se alguén esixe doutro unha cantidade ou unha recompensa baixo a ameaza de revelar ou difundir feitos referentes á súa vida privada ou relacións familiares que non sexan publicamente coñecidos e poidan afecta-la súa fama, creto ou interese, será castigado coa pena de prisión de dous a catro anos, se conseguiu a entrega de todo ou parte do esixido, e coa de catro meses a dous anos, se non o consegue.

3. Se o feito descrito no número anterior consiste na ameaza de revelar ou denuncia-la comisión dalgún delicto, o Ministerio Fiscal poderá, para facilita-lo castigo da ameaza, absterse de acusar polo delicto coa revelación do cal se ameazase, salvo que este estea castigado con pena de prisión superior a dous anos. Neste último caso, o xuíz ou tribunal poderá rebaixa-la sanción en un ou dous graos.»

Sesaxésimo primeiro. Modifícase o artigo 172, que queda redactado como segue:

«O que, sen estar lexitimamente autorizado, impida a outro con violencia face-lo que a lei non prohibe, ou o compele a efectua-lo que non quere, sexa xusto ou inxusto, será castigado coa pena de prisión de seis meses a tres anos ou con multa de 12 a 24 meses, segundo a gravidade da coacción ou dos medios empregados.

Cando a coacción exercida teña como obxecto impedi-lo exercicio dun dereito fundamental imporáselle as penas na súa metade superior, salvo que o feito tivese sinalada maior pena noutro precepto deste código.»

Sesaxésimo segundo. Modifícase o número 1 do artigo 174, que queda redactado como segue:

«1. Comete tortura a autoridade ou funcionario público que, abusando do seu cargo, e co fin de obter unha confesión ou información de calquera persoa ou de castigala por calquera feito que cometese ou se sospeite que cometeu, ou por calquera razón baseada nalgún tipo de discriminación, a someter a condicións ou procedementos que pola súa natureza, duración ou outras circunstancias, lle supoñan sufrimentos físicos ou mentais, a supresión ou diminución das súas facultades de coñe-

cimento, discernimento ou decisión ou que, de calquera outro modo, atenten contra a súa integridade moral. O culpable de tortura será castigado coa pena de prisión de dous a seis anos se o atentado é grave, e de prisión de un a tres anos se non o é. Ademais das penas sinaladas imporase, en todo caso, a pena de inhabilitación absoluta de oito a 12 anos.»

Sesaxésimo terceiro. Modifícase o artigo 179, que queda redactado como segue:

«Cando a agresión sexual consista en acceso carnal por vía vaxinal, anal ou bucal, ou introducción de membros corporais ou obxectos por algunha das dúas primeiras vías, o responsable será castigado como reo de violación coa pena de prisión de seis a 12 anos.»

Sesaxésimo cuarto. Modifícase o número 1 do artigo 182, que queda redactado como segue:

«1. En tódolos casos do artigo anterior, cando o abuso sexual consista en acceso carnal por vía vaxinal, anal ou bucal, ou introducción de membros corporais ou obxectos por algunha das dúas primeiras vías, o responsable será castigado coa pena de prisión de catro a 10 anos.»

Sesaxésimo quinto. Modifícase o número 2 do artigo 183, que queda redactado como segue:

«2. Cando o abuso consista en acceso carnal por vía vaxinal, anal ou bucal, ou introducción de membros corporais ou obxectos por algunha das dúas primeiras vías, a pena será de prisión de dous a seis anos. A pena imporase na súa metade superior se concorre a circunstancia 3.^a, ou a 4.^a, das previstas no artigo 180.1 deste código.»

Sesaxésimo sexto. Modifícase o artigo 184, que queda redactado como segue:

«1. O que solicite favores de natureza sexual, para si ou para un terceiro, no ámbito dunha relación laboral, docente ou de prestación de servizos, continuada ou habitual, e con tal comportamento provoque á vítima unha situación obxectiva e gravemente intimidatoria, hostil ou humillante, será castigado, como autor de acoso sexual, coa pena de prisión de tres a cinco meses ou multa de seis a 10 meses.

2. Se o culpable de acoso sexual cometese o feito prevaléndose dunha situación de superioridade laboral, docente ou xerárquica, ou co anuncio expreso ou tácito de lle causar á vítima un mal relacionado coas lexitimas expectativas que aquela poida ter no ámbito da indicada relación, a pena será de prisión de cinco a sete meses ou multa de 10 a 14 meses.

3. Cando a vítima sexa especialmente vulnerable, por razón da súa idade, enfermidade ou situación, a pena será de prisión de cinco a sete meses ou multa de 10 a 14 meses nos supostos previstos no número 1, e de prisión de seis meses a un ano nos supostos previstos no número 2 deste artigo.»

Sesaxésimo sétimo. Modifícase o artigo 185, que queda redactado como segue:

«O que execute ou faga executar a outra persoa actos de exhibición obscena ante menores de idade ou incapaces, será castigado coa pena de prisión de seis meses a un ano ou multa de 12 a 24 meses.»

Sesaxésimo oitavo. Modifícase o artigo 186, que queda redactado como segue:

«O que, por calquera medio directo, venda, difunda ou exhiba material pornográfico entre menores de idade ou incapaces, será castigado coa pena de prisión de seis meses a un ano ou multa de 12 a 24 meses.»

Sesaxésimo noveno. Modifícase o artigo 189, que queda redactado como segue:

«1. Será castigado coa pena de prisión de un a catro anos:

a) O que utilice menores de idade ou incapaces con fins ou en espectáculos exhibicionistas ou pornográficos, tanto públicos como privados, ou para elaborar calquera clase de material pornográfico, calquera que sexa o seu soporte, ou financie calquera destas actividades.

b) O que produza, venda, distribúa, exhiba ou facilite a produción, venda, difusión ou exhibición por calquera medio de material pornográfico na elaboración do cal fosen utilizados menores de idade ou incapaces, ou o posúise para estes fins, aínda que o material teña a súa orixe no estranxeiro ou sexa descoñecida.

2. O que para o seu propio uso posúa material pornográfico na elaboración do cal fosen utilizados menores de idade ou incapaces, será castigado coa pena de tres meses a un ano de prisión ou con multa de seis meses a dous anos.

3. Serán castigados coa pena de prisión de catro a oito anos os que realicen os actos previstos no número 1 deste artigo cando concorra algunha das circunstancias seguintes:

a) Cando se utilicen nenos menores de 13 anos.

b) Cando os feitos revistan un carácter particularmente degradante ou vexatorio.

c) Cando os feitos revistan especial gravidade atendendo ó valor económico do material pornográfico.

d) Cando o material pornográfico represente nenos ou incapaces que son vítimas de violencia física ou sexual.

e) Cando o culpable pertenza a unha organización ou asociación, mesmo de carácter transitorio, que se dedique á realización de tales actividades.

f) Cando o responsable sexa ascendente, titor, curador, gardador, mestre ou calquera outra persoa encargada, de feito ou de dereito, do menor ou incapaz.

4. O que faga participar un menor ou incapaz nun comportamento de natureza sexual que prexudique a evolución ou desenvolvemento da personalidade deste, será castigado coa pena de prisión de seis meses a un ano.

5. O que teña baixo a súa potestade, tutela, garda ou acollemento un menor de idade ou incapaz e que, con coñecemento do seu estado de prostitución ou corrupción, non faga o posible para impedi-la súa continuación en tal estado, ou non acuda á autoridade competente para o mesmo fin se carece de medios para a custodia do menor ou incapaz, será castigado coa pena de prisión de tres a seis meses ou multa de seis a 12 meses.

6. O Ministerio Fiscal promoverá as accións pertinentes con obxecto de privar da patria potestade, tutela, garda ou acollemento familiar, se é o caso, a persoa que incorra nalgunha das conductas descritas no número anterior.

7. Será castigado coa pena de prisión de tres meses a un ano ou multa de seis meses a dous anos o que produza, venda, distribúa, exhiba ou facilite por calquera medio material pornográfico en que, non tendo sido utilizados directamente menores ou incapaces, se empregue a súa voz ou imaxe alterada ou modificada.

8. Nos casos previstos nos números anteriores, poderanse impo-las medidas previstas no artigo 129 deste código cando o culpable pertenza a unha sociedade, organización ou asociación, mesmo de carácter transitorio, que se dedique á realización de tales actividades.»

Septuaxésimo. Modifícase o número 3 do artigo 195, que queda redactado como segue:

«3. Se a vítima o é por accidente ocasionado fortuitamente polo que omitiu o auxilio, a pena será de prisión de seis meses a 18 meses, e se o accidente se debe a imprudencia, a de prisión de seis meses a catro anos.»

Septuaxésimo primeiro. Modifícase o artigo 206, que queda redactado como segue:

«As calumnias serán castigadas coas penas de prisión de seis meses a dous anos ou multa de doce a 24 meses, se se propagasen con publicidade e, noutro caso, con multa de seis a 12 meses.»

Septuaxésimo segundo. Modifícase o número 1 do artigo 215, que queda redactado como segue:

«1. Ninguén será penado por calumnia ou inxuria senón en virtude de querela da persoa ofendida polo delito ou do seu representante legal. Procederáse de oficio cando a ofensa se dirixa contra funcionario público, autoridade ou axente desta sobre feitos concernentes ó exercicio dos seus cargos.»

Septuaxésimo terceiro. Modifícase o número 1 do artigo 221, que queda redactado como segue:

«1. Os que, mediando compensación económica, entreguen a outra persoa un fillo, descendente ou calquera menor aínda que non concorran relación de filiación ou parentesco, eludindo os procedementos legais da garda, acollemento ou adopción, coa finalidade de establecer unha relación análoga á de filiación, serán castigados coas penas de prisión de un a cinco anos e de inhabilitación especial para o exercicio do dereito da patria potestade, tutela, curatela ou garda por tempo de catro a 10 anos.»

Septuaxésimo cuarto. Modifícase o artigo 225, que queda redactado como segue:

«Cando o responsable dos delitos previstos nos dous artigos anteriores restitúa o menor de idade ou o incapaz ó seu domicilio ou residencia, ou o deposite en lugar coñecido e seguro, sen telo feito obxecto de vexacións, sevicias ou calquera acto delictuoso, nin ter posto en perigo a súa vida, saúde, integridade física ou liberdade sexual, o feito será castigado coa pena de prisión de tres meses a un

ano ou multa de seis a 24 meses, sempre que o lugar de estadia do menor de idade ou do incapaz fose comunicado ós seus pais, titores ou gardadores, ou a ausencia non fose superior a 24 horas.»

Septuaxésimo quinto. Modifícase o número 1 do artigo 226, que queda redactado como segue:

«1. O que deixe de cumprir os deberes legais de asistencia inherentes á patria potestade, tutela, garda ou acollemento familiar ou de presta-la asistencia necesaria legalmente establecida para o sustento dos seus descendentes, ascendentes ou cónxuxe, que se encontren necesitados, será castigado coa pena de prisión de tres a seis meses ou multa de seis a 12 meses.»

Septuaxésimo sexto. Modifícase o número 1 do artigo 227, que queda redactado como segue:

«1. O que deixe de pagar durante dous meses consecutivos ou catro meses non consecutivos calquera tipo de prestación económica en favor do seu cónxuxe ou dos seus fillos, establecida en convenio xudicialmente aprobado ou resolución xudicial nos supostos de separación legal, divorcio, declaración de nulidade do matrimonio, proceso de filiación, ou proceso de alimentos a favor dos seus fillos, será castigado coa pena de prisión de tres meses a un ano ou multa de seis a 24 meses.»

Septuaxésimo sétimo. Modifícase o artigo 234, que queda redactado como segue:

«O que, con ánimo de lucro, tome as cousas mobles alleas sen a vontade do seu dono será castigado, como reo de furto, coa pena de prisión de seis a 18 meses se a contía do subtraído excede os 400 euros.»

Septuaxésimo oitavo. Modifícase o artigo 236, que queda redactado como segue:

«Será castigado con multa de tres a 12 meses o que, sendo dono dunha cousa moble ou actuando co consentimento deste, a subtraia de quen a teña lexitimamente no seu poder, con prexuízo do mesmo ou dun terceiro, sempre que o valor daquela exceda os 400 euros.»

Septuaxésimo noveno. Modifícase o número 1 do artigo 244, que queda redactado como segue:

«1. O que subtraia ou utilice sen a debida autorización un vehículo de motor ou ciclomotor alleos, o valor do cal exceda os 400 euros, sen ánimo de apropiarse del, será castigado coa pena de traballos en beneficio da comunidade de 31 a 90 días ou multa de seis a 12 meses se o restituíe, directa ou indirectamente, nun prazo non superior a 48 horas, sen que, en ningún caso, a pena imposta poida ser igual ou superior á que correspondería se se apropia definitivamente do vehículo.»

Octoxésimo. Modifícase o artigo 246, que queda redactado como segue:

«O que altere termos ou extremas de lugares ou herdades ou calquera clase de sinais ou marcos destinados a fixa-los límites de propiedades ou demarcacións de predios estremeiros, tanto de

dominio público como privado, será castigado coa pena de multa de tres a 18 meses, se a utilidade producida ou pretendida excede os 400 euros.»

Octoxésimo primeiro. Modifícase o artigo 247, que queda redactado como segue:

«O que, sen encontrarse autorizado, distraia as augas de uso público ou privativo do seu curso, ou do seu encoro natural ou artificial, será castigado coa pena de multa de tres a seis meses se a utilidade producida excede os 400 euros.»

Octoxésimo segundo. Engádesse un número 3 ó artigo 248, que queda redactado como segue:

«3. A mesma pena se aplicará ós que fabriquen, introduzan, posúan ou faciliten programas de ordenador especificamente destinados á comisión das estafas previstas neste artigo.»

Octoxésimo terceiro. Modifícase o artigo 249, que queda redactado como segue:

«Os reos de estafa serán castigados coa pena de prisión de seis meses a tres anos, se a contía do defraudado excede os 400 euros. Para a fixación da pena terase en conta o importe do defraudado, o quebranto económico causado ó prexudicado, as relacións entre este e o defraudador, os medios empregados por este e cantas outras circunstancias sirvan para valora-la gravidade da infracción.»

Octoxésimo cuarto. Modifícase o artigo 252, que queda redactado como segue:

«Serán castigados coas penas do artigo 249 ou 250, se é o caso, os que en prexuízo doutro se apropien ou distraian diñeiro, efectos, valores ou calquera outra cousa moble ou activo patrimonial que recibise en depósito, comisión ou administración, ou por outro título que produza obriga de entregalos ou devovelos, ou neguen telos recibido, cando a contía do apropiado exceda os catrocentos euros. Esta pena imporase na súa metade superior no caso de depósito necesario ou miserable.»

Octoxésimo quinto. Modifícase o artigo 253, que queda redactado como segue:

«Serán castigados coa pena de multa de tres a seis meses os que, con ánimo de lucro, se apropien de cousa perdida ou de dono descoñecido, sempre que en ámbolos casos o valor do apropiado exceda os 400 euros. Se se trata de cousas de valor artístico, histórico, cultural ou científico, a pena será de prisión de seis meses a dous anos.»

Octoxésimo sexto. Modifícase o artigo 254, que queda redactado como segue:

«Será castigado coa pena de multa de tres a seis meses o que, tendo recibido indebidamente, por erro do transmitente, diñeiro ou algunha outra cousa moble, negue tela recibido ou, comprobado o erro, non proceda á súa devolución, sempre que a contía do recibido exceda os 400 euros.»

Octoxésimo sétimo. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 255, que queda redactado como segue:

«Será castigado coa pena de multa de tres a 12 meses o que cometa defraudación por valor superior a 400 euros, utilizando enerxía eléctrica,

gas, auga, telecomunicacións ou outro elemento, enerxía ou fluído alleos, por algún dos medios seguintes:»

Octoxésimo oitavo. Modifícase o artigo 256, que queda redactado como segue:

«O que faga uso de calquera equipamento terminal de telecomunicación sen consentimento do seu titular, ocasionando a este un prexuízo superior a 400 euros, será castigado coa pena de multa de tres a 12 meses.»

Octoxésimo noveno. Modifícase o artigo 259, que queda redactado como segue:

«Será castigado coa pena de un a catro anos de prisión e multa de 12 a 24 meses, o debedor que, unha vez admitida a trámite a solicitude de concurso, sen estar autorizado para isto nin xudicialmente nin polos administradores concursais, e fóra dos casos permitidos pola lei, realice calquera acto de disposición patrimonial ou xerador de obrigas, destinado a pagar a un ou varios acredores, privilexiados ou non, con posposición do resto.»

Nonaxésimo. Modifícase o artigo 260, que queda redactado como segue:

«1. O que sexa declarado en concurso será castigado coa pena de prisión de dous a seis anos e multa de oito a 24 meses, cando a situación de crise económica ou a insolvencia sexa causada ou agravada dolosamente polo debedor ou persoa que actúe no seu nome.

2. Terase en conta para graduar-la pena a contía do prexuízo inferido ós acredores, o seu número e condición económica.

3. Este delito e os delitos singulares relacionados con el, cometidos polo debedor ou persoa que actuase no seu nome, poderán perseguirse sen esperar á conclusión do proceso civil e sen prexuízo da continuación deste. O importe da responsabilidade civil derivada destes delitos deberase incorporar, se é o caso, á masa.

4. En ningún caso a cualificación da insolvencia no proceso civil vincula a xurisdicción penal.»

Nonaxésimo primeiro. Modifícase o artigo 261, que queda redactado como segue:

«O que en procedemento concursal presentase, sabéndoo, datos falsos relativos ó estado contable, co fin de lograr indebidamente a declaración daquel, será castigado coa pena de prisión de un a dous anos e multa de seis a 12 meses.»

Nonaxésimo segundo. Modifícase o artigo 262, que queda redactado como segue:

«1. Os que soliciten dádivas ou promesas para non tomar parte nun concurso ou poxa pública; os que tenten afastar dela os poxadores por medio de ameazas, dádivas, promesas ou calquera outro artificio; os que se concerten entre si co fin de altera-lo prezo do remate, ou os que fraudulentamente quebren ou abandonen a poxa tendo obtido a adxudicación, serán castigados coa pena de prisión de un a tres anos e multa de 12 a 24 meses, así como inhabilitación especial para licitar en poxas xudiciais entre tres e cinco anos. Se se trata dun concurso ou poxa convocados polas adminis-

tracións ou entes públicos, imporáselle, ademais, ó axente e á persoa ou empresa por el representada a pena de inhabilitación especial que comprenderá, en todo caso, o dereito a contratar coas administracións públicas por un período de tres a cinco anos.

2. O xuíz ou tribunal poderá impor algunha ou algunhas das consecuencias previstas no artigo 129 se o culpable pertence a algunha sociedade, organización ou asociación, mesmo de carácter transitorio, que se dedique á realización de tales actividades.»

Nonaxésimo terceiro. Modifícase o artigo 263, que queda redactado como segue:

«O que cause danos en propiedade allea non comprendidos noutros títulos deste código, será castigado coa pena de multa de seis a 24 meses, atendidas a condición económica da vítima e a contía do dano, se este excede os 400 euros.»

Nonaxésimo cuarto. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 267, que queda redactado como segue:

«Os danos causados por imprudencia grave en contía superior a 80.000 euros, serán castigados coa pena de multa de tres a nove meses, atendendo á súa importancia.»

Nonaxésimo quinto. Modifícase o artigo 270, que queda redactado como segue:

«1. Será castigado coa pena de prisión de seis meses a dous anos e multa de 12 a 24 meses quen, con ánimo de lucro e en prexuízo de terceiro, reproduza, plaxie, distribúa ou comunique publicamente, en todo ou en parte, unha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a autorización dos titulares dos correspondentes dereitos de propiedade intelectual ou dos seus cesionarios.

2. Será castigado coa pena de prisión de seis meses a dous anos e multa de 12 a 24 meses quen intencionadamente exporte ou almacene exemplares das obras, producións ou execucións a que se refire o número anterior sen a referida autorización. Igualmente incorrerán na mesma pena os que importen intencionadamente estes produtos sen esa autorización, tanto se estes teñen unha orixe lícita como ilícita no seu país de procedencia; non obstante, a importación dos referidos produtos dun Estado pertencente á Unión Europea non será punible cando aqueles se adquirisen directamente do titular dos dereitos no dito Estado, ou co seu consentimento.

3. Será castigado tamén coa mesma pena quen fabrique, importe, poña en circulación ou teña calquera medio especificamente destinado a facilita-la supresión non autorizada ou a neutralización de calquera dispositivo técnico que se utilizase para protexer programas de ordenador ou calquera das outras obras, interpretacións ou execucións nos termos previstos no número 1 deste artigo.»

Nonaxésimo sexto. Modifícase o artigo 271, que queda redactado como segue:

«Imporase a pena de prisión de un a catro anos, multa de 12 a 24 meses e inhabilitación especial

para o exercicio da profesión relacionada co delicto cometido, por un período de dous a cinco anos, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que o beneficio obtido posúa especial transcendencia económica.
- b) Que os feitos revistan especial gravidade, atendendo ó valor dos obxectos producidos ilícitamente ou á especial importancia dos prexuízos ocasionados.
- c) Que o culpable pertenza a unha organización ou asociación, mesmo de carácter transitorio, que teña como finalidade a realización de actividades infractoras de dereitos de propiedade intelectual.
- d) Que se utilicen menores de 18 anos para cometer estes delitos.»

Nonaxésimo sétimo. Modifícase o número 1 do artigo 273, que queda redactado como segue:

«1. Será castigado coa pena de prisión de seis meses a dous anos e multa de 12 a 24 meses o que, con fins industriais ou comerciais, sen consentimento do titular dunha patente ou modelo de utilidade e con coñecemento do seu rexistro, fabrique, importe, posúa, utilice, ofrezca ou introduza no comercio obxectos amparados por tales dereitos.»

Nonaxésimo oitavo. Modifícase o número 1 e engádense os números 3 e 4 ó artigo 274, coa seguinte redacción:

«1. Será castigado coa pena de seis meses a dous anos de prisión e multa de 12 a 24 meses o que, con fins industriais ou comerciais, sen consentimento do titular dun dereito de propiedade industrial rexistrado conforme a lexislación de marcas e con coñecemento do rexistro, reproduza, imite, modifique ou de calquera outro modo utilice un signo distintivo idéntico ou confundible con aquel, para distingui-los mesmos ou similares produtos, servicios, actividades ou establecementos para os que o dereito de propiedade industrial se encontre rexistrado. Igualmente, incorrerán na mesma pena os que importen intencionadamente estes produtos sen o dito consentimento, tanto se estes teñen unha orixe lícita como ilícita no seu país de procedencia; non obstante, a importación dos referidos produtos dun Estado pertencente á Unión Europea non será punible cando aqueles se adquirisen directamente do titular dos dereitos do dito Estado, ou co seu consentimento.»

«3. Será castigado coa mesma pena quen, con fins agrarios ou comerciais, sen consentimento do titular dun título de obtención vexetal e con coñecemento do seu rexistro, produza ou reproduza, acondicione con vistas á produción ou reprodución, ofrezca en venda, venda ou comercialice doutra forma, exporte ou importe, ou posúa para calquera dos fins mencionados, material vexetal de reprodución ou multiplicación dunha variedade vexetal protexida conforme a lexislación sobre protección de obtencións vexetais.

4. Será castigado coa mesma pena quen realice calquera dos actos descritos no número anterior utilizando, baixo a denominación dunha variedade vexetal protexida, material vexetal de reprodución ou multiplicación que non pertenza a tal variedade.»

Nonaxésimo noveno. Modifícase o artigo 276, que queda redactado como segue:

«Imporase a pena de prisión de un a catro anos, multa de 12 a 24 meses e inhabilitación especial para o exercicio da profesión relacionada co delicto cometido, por un período de dous a cinco anos, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que o beneficio obtido posúa especial transcendencia económica.
- b) Que os feitos revistan especial gravidade, atendendo ó valor dos obxectos producidos ilícitamente ou á especial importancia dos prexuízos ocasionados.
- c) Que o culpable pertenza a unha organización ou asociación, mesmo de carácter transitorio, que teña como finalidade a realización de actividades infractoras de dereitos de propiedade industrial.
- d) Que se utilicen menores de 18 anos para cometer estes delitos.»

Centésimo. Modifícase o artigo 282, que queda redactado como segue:

«Serán castigados coa pena de prisión de seis meses a un ano ou multa de 12 a 24 meses os fabricantes ou comerciantes que, nas súas ofertas ou na publicidade de produtos ou servicios, fagan alegacións falsas ou manifesten características incertas sobre eles, de modo que poidan causar un prexuízo grave e manifesto ós consumidores, sen prexuízo da pena que corresponda aplicar pola comisión doutros delitos.»

Centésimo primeiro. Modifícase o artigo 284, que queda redactado como segue:

«Imporase a pena de prisión de seis meses a dous anos ou multa de 12 a 24 meses, ós que, difundindo noticias falsas, empregando violencia, ameaza ou engano, ou utilizando información privilexiada, tenten altera-los prezos que resultarían da libre concorrencia de produtos, mercadorías, títulos valores, servicios ou calquera outra cousa moble ou inmoble que sexa obxecto de contratación, sen prexuízo da pena que lles poida corresponder por outros delitos cometidos.»

Centésimo segundo. Modifícase o artigo 285, que queda redactado como segue:

«1. Quen de forma directa ou por persoa interposta use dalgunha información relevante para a cotización de calquera clase de valores ou instrumentos negociados nalgún mercado organizado, oficial ou recoñecido, á que tivese acceso reservado con ocasión do exercicio da súa actividade profesional ou empresarial, ou a subministre obtendo para si ou para un terceiro un beneficio económico superior a 600.000 euros ou causando un prexuízo de idéntica cantidade, será castigado coa pena de prisión de un a catro anos, multa do tanto ó triplo do beneficio obtido ou favorecido e inhabilitación especial para o exercicio da profesión ou actividade de dous a cinco anos.

2. Aplicarase a pena de prisión de catro a seis anos, a multa do tanto ó triplo do beneficio obtido ou favorecido e inhabilitación especial para o exer-

cicio da profesión ou actividade de dous a cinco anos, cando nas condutas descritas no número anterior concorra algunha das seguintes circunstancias:

- 1.^a Que os suxeitos se dediquen de forma habitual a tales prácticas abusivas.
- 2.^a Que o beneficio obtido sexa de notoria importancia.
- 3.^a Que se cause grave dano ós intereses xerais.»

Centésimo terceiro. Modifícase o artigo 286, que queda redactado como segue:

«1. Será castigado coas penas de prisión de seis meses a dous anos e multa de seis a 24 meses o que, sen consentimento do prestador de servicios e con fins comerciais, facilite o acceso intelixible a un servicio de radiodifusión sonora ou televisiva, a servicios interactivos prestados a distancia por vía electrónica, ou subministre o acceso condicional a eles, considerado como servicio independente, mediante:

1.^o A fabricación, importación, distribución, posta ó dispor por vía electrónica, venda, aluguer, ou posesión de calquera equipamento ou programa informático, non autorizado noutro Estado membro da Unión Europea, deseñado ou adaptado para facer posible o acceso.

2.^o A instalación, mantemento ou substitución dos equipamentos ou programas informáticos mencionados no parágrafo 1.^o

2. Con idéntica pena será castigado quen, con ánimo de lucro, altere ou duplique o número identificativo de equipos de telecomunicacións, ou comercialice equipamentos que sufrisen alteración fraudulenta.

3. A quen, sen ánimo de lucro, facilite a terceiros o acceso descrito no número 1, ou por medio dunha comunicación pública, comercial ou non, subministre información a unha pluralidade de persoas sobre o modo de conseguilo acceso non autorizado a un servicio ou o uso dun dispositivo ou programa, dos expresados nese mesmo número 1, incitando a logralos, imporáselle a pena de multa nel prevista.

4. A quen utilice os equipamentos ou programas que permitan o acceso non autorizado a servicios de acceso condicional ou equipamentos de telecomunicación, imporáselle a pena prevista no artigo 255 deste código con independencia da contía da defraudación.»

Centésimo cuarto. Modifícase o número 1 do artigo 287, que queda redactado como segue:

«1. Para proceder polos delitos previstos na sección 3.^a deste capítulo será necesaria denuncia da persoa agraviada ou dos seus representantes legais. Cando aquela sexa menor de idade, incapaz ou unha persoa desvalida, tamén poderá denuncia-lo Ministerio Fiscal.»

Centésimo quinto. Modifícase o artigo 289, que queda redactado como segue:

«O que por calquera medio destrúa, inutilice ou dane unha cousa propia de utilidade social ou cultural, ou de calquera modo a subtraia ó cumpri-

mento dos deberes legais impostos en interese da comunidade, será castigado coa pena de prisión de tres a cinco meses ou multa de seis a 10 meses.»

Centésimo sexto. Modifícase o número 3 do artigo 298, que queda redactado como segue:

«3. En ningún caso poderá imporse pena privativa de liberdade que exceda a sinalada ó delito encuberto. Se este está castigado con pena doutra natureza, a pena privativa de liberdade será substituída pola de multa de 12 a 24 meses, salvo que o delito encuberto teña asignada pena igual ou inferior a esta; en tal caso, imporase ó culpable a pena daquel delito na súa metade inferior.»

Centésimo sétimo. Modifícase o artigo 299, coa seguinte redacción:

«1. O que con ánimo de lucro e con coñecemento da comisión de feitos constitutivos de falta contra a propiedade, habitualmente se aproveite ou auxilie os culpables para se beneficiaren dos seus efectos, será castigado coa pena de prisión de seis meses a un ano.

2. Se os efectos os recibe ou adquire para traficar con eles, imporase a pena na súa metade superior e, se se realizan os feitos en local aberto ó público, imporase, ademais, a multa de 12 a 24 meses. Nestes casos os xuíces ou tribunais, atendendo á gravidade do feito e ás circunstancias persoais do delincente, poderán impor tamén a este a pena de inhabilitación especial para o exercicio da súa profesión ou industria por tempo de un a tres anos, e acorda-la medida de clausura temporal ou definitiva do establecemento ou local. Se a clausura é temporal, a súa duración non poderá excederlos cinco anos.»

Centésimo oitavo. No artigo 301 modifícase o número 1 e engádesse un número 5, nos seguintes termos:

«1. O que adquira, converta ou transmita bens, sabendo que estes teñen a súa orixe nun delito, ou realice calquera outro acto para ocultar ou encubri-la súa orixe ilícita, ou para axuda-la persoa que participase na infracción ou infraccións a eludirlas consecuencias legais dos seus actos, será castigado coa pena de prisión de seis meses a seis anos e multa do tanto ó triplo do valor dos bens. Nestes casos, os xuíces ou tribunais, atendendo á gravidade do feito e ás circunstancias persoais do delincente, poderán impor tamén a este a pena de inhabilitación especial para o exercicio da súa profesión ou industria por tempo de un a tres anos, e acorda-la medida de clausura temporal ou definitiva do establecemento ou local. Se a clausura é temporal, a súa duración non poderá excederlos cinco anos.

A pena imporase na súa metade superior cando os bens teñan a súa orixe nalgún dos delitos relacionados co tráfico de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas descritos nos artigos 368 a 372 deste código. Nestes supostos aplicaranse as disposicións contidas no artigo 374 deste código.»

«5. Se o culpable obtivese ganancias, serán comisadas conforme as regras do artigo 127 deste código.»

Centésimo noveno. Modifícase o artigo 302, que queda redactado como segue:

«1. Nos supostos previstos no artigo anterior imporanse as penas privativas de liberdade na súa metade superior ás persoas que pertencen a unha organización dedicada ós fins sinalados neles, e a pena superior en grao ós xefes, administradores ou encargados das referidas organizacións.

2. En tales casos, os xuíces ou tribunais impondrán, ademais das penas correspondentes, a de inhabilitación especial do reo para o exercicio da súa profesión ou industria por tempo de tres a seis anos, o comiso dos bens obxecto do delito e dos produtos e beneficios obtidos directa ou indirectamente do acto delictuoso, e poderán decretar, así mesmo, algunha das medidas seguintes:

a) A aplicación de calquera das medidas previstas no artigo 129 deste código.

b) A perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a gozar de beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguraza Social, durante o tempo que dure a maior das penas privativas de liberdade imposta.»

Centésimo décimo. Modifícanse os números 1 e 3 do artigo 305, que quedan redactados como segue:

«1. O que, por acción ou omisión, defraude a Facenda pública estatal, autonómica, foral ou local, eludindo o pagamento de tributos, cantidades retidas ou que se debesen reter ou ingresos á conta de retribucións en especie obtendo indebidamente devolucións ou desfrutando beneficios fiscais da mesma forma, sempre que a contía da cota defraudada, o importe non ingresado das retencións ou ingresos á conta ou das devolucións ou beneficios fiscais indebidamente obtidos ou desfrutados exceda os 120.000 euros, será castigado coa pena de prisión de un a catro anos e multa do tanto ó sétuplo da citada contía.

As penas sinaladas no parágrafo anterior aplicaranse na súa metade superior cando a defraudación se cometa concorrendo algunha das circunstancias seguintes:

a) A utilización de persoa ou persoas interpostas de maneira que quede oculta a identidade do verdadeiro obrigado tributario.

b) A especial transcendencia e gravidade da defraudación atendendo ó importe do defraudado ou á existencia dunha estrutura organizativa que afecte ou poida afectar unha pluralidade de obrigados tributarios.

Alén das penas sinaladas, imporase ó responsable a perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a gozar dos beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguraza Social durante o período de tres a seis anos.»

«3. As mesmas penas se impondrán cando as condutas descritas no número 1 deste artigo se cometan contra a Facenda da Comunidade Europea, sempre que a contía defraudada exceda os 50.000 euros.»

Centésimo décimo primeiro. Modifícase o artigo 306, que queda redactado como segue:

«O que por acción ou omisión defraude os orzamentos xerais da Comunidade Europea ou outros

administrados por esta, en contía superior a 50.000 euros, eludindo o pagamento de cantidades que se deban ingresar, ou dando ós fondos obtidos unha aplicación distinta daquela a que estivesen destinados, será castigado coa pena de prisión de un a catro anos e multa do tanto ó sétuplo da citada contía.»

Centésimo décimo segundo. Modifícase o número 1 do artigo 307, que queda redactado como segue:

«1. O que, por acción ou omisión, defraude a Seguraza Social eludindo o pagamento das cotas desta e conceptos de recadación conxunta, obtendo indebidamente devolucións delas ou desfrutando de deducións por calquera concepto tamén de forma indebida, sempre que a contía das cotas defraudadas ou das devolucións ou deducións indebidas exceda os 120.000 euros será castigado coa pena de prisión de un a catro anos e multa do tanto ó sétuplo da citada contía.

As penas sinaladas no parágrafo anterior aplicaranse na súa metade superior cando a defraudación se cometa concorrendo algunha das circunstancias seguintes:

a) A utilización de persoa ou persoas interpostas de maneira que quede oculta a identidade do verdadeiro obrigado fronte á Seguraza Social.

b) A especial transcendencia e gravidade da defraudación atendendo ó importe do defraudado ou á existencia dunha estrutura organizativa que afecte ou poida afectar unha pluralidade de obrigados fronte á Seguraza Social.»

Centésimo décimo terceiro. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 308, que quedan redactados como segue:

«1. O que obteña unha subvención, desgravación ou axuda das administracións públicas de máis de 80.000 euros falseando as condicións requiridas para a súa concesión ou ocultando as que a impedirían, será castigado coa pena de prisión de un a catro anos e multa do tanto ó sétuplo do seu importe.

2. As mesmas penas se impondrán ó que, no desenvolvemento dunha actividade subvencionada con fondos das administracións públicas por un importe que supere os 80.000 euros, incumpra as condicións establecidas alterando substancialmente os fins para que a subvención foi concedida.»

Centésimo décimo cuarto. Modifícase o artigo 309, que queda redactado como segue:

«O que obteña indebidamente fondos dos orzamentos xerais da Comunidade Europea ou outros administrados por esta, en contía superior a 50.000 euros, falseando as condicións requiridas para a súa concesión ou ocultando as que a impedirían, será castigado coa pena de prisión de un a catro anos e multa do tanto ó sétuplo da citada contía.»

Centésimo décimo quinto. Modifícase o artigo 310, que queda redactado como segue:

«Será castigado coa pena de prisión de cinco a sete meses o que, estando obrigado por lei tributaria a levar contabilidade mercantil, libros ou rexistros fiscais:

a) Incumpra absolutamente a obriga en réxime de estimación directa de bases tributarias.

b) Leve contabilidades distintas que, referidas a unha mesma actividade e exercicio económico, oculten ou simulen a verdadeira situación da empresa.

c) Non anotase nos libros obrigatorios negocios, actos, operacións ou, en xeral, transaccións económicas, ou os anotase con cifras distintas ás verdadeiras.

d) Practicase nos libros obrigatorios anotacións contables ficticias.

A consideración como delito dos supostos de feito, a que se refiren as alíneas c) e d) anteriores, requirirá que se omitisen as declaracións tributarias ou que as presentadas sexan reflexo da súa falsa contabilidade e que a contía, en máis ou menos, dos cargos ou aboamentos omitidos ou falseados exceda, sen compensación aritmética entre eles, os 240.000 euros por cada exercicio económico.»

Centésimo décimo sexto. Modifícase o artigo 314, que queda redactado como segue:

«Os que produzan unha grave discriminación no emprego, público ou privado, contra algunha persoa por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, a súa pertenza a unha etnia, raza ou nación, o seu sexo, orientación sexual, situación familiar, enfermidade ou minusvalidez, por exercer-la representación legal ou sindical dos traballadores, polo parentesco con outros traballadores da empresa ou polo uso dalgunha das linguas oficiais dentro do Estado español, e non restablezan a situación de igualdade ante a lei despois de requirimento ou sanción administrativa, reparando os danos económicos que se derivasen, serán castigados coa pena de prisión de seis meses a dous anos ou multa de 12 a 24 meses.»

Centésimo décimo sétimo. Modifícase o artigo 324, que queda redactado como segue:

«O que por imprudencia grave cause danos, en contía superior a 400 euros, nun arquivo, rexistro, museo, biblioteca, centro docente, gabinete científico, institución análoga ou en bens de valor artístico, histórico, cultural, científico ou monumental, así como en xacigos arqueolóxicos, será castigado coa pena de multa de tres a 18 meses, atendendo á súa importancia.»

Centésimo décimo oitavo. Modifícase o artigo 325, que queda redactado como segue:

«1. Será castigado coas penas de prisión de seis meses a catro anos, multa de oito a 24 meses e inhabilitación especial para profesión ou oficio por tempo de un a tres anos o que, contravindo as leis ou outras disposicións de carácter xeral protectoras do ambiente, provoque ou realice directa ou indirectamente emisións, verteduras, radiacións, extraccións ou escavacións, aterramentos, ruidos, vibracións, inxeccións ou depósitos, na atmosfera, no solo, no subsolo ou nas augas terrestres, marítimas ou subterráneas, con incidencia, mesmo, nos espacios transfronteirizos, así como as captacións de augas que poidan prexudicar gravemente o equilibrio dos sistemas naturais. Se o risco de grave prexuízo o é para a saúde das persoas, a pena de prisión imporase na súa metade superior.

2. O que dolosamente libere, emita ou introduza radiacións ionizantes ou outras substancias no aire, terra ou augas marítimas, continentais, superficiais ou subterráneas, en cantidade que produza nalgunha persoa a morte ou enfermidade que, ademais dunha primeira asistencia facultativa, requira tratamento médico ou cirúrxico ou produza secuelas irreversibles, será castigado, ademais de coa pena que corresponda polo dano causado ás persoas, coa prisión de dous a catro anos.»

Centésimo décimo noveno. Modifícase o artigo 328, que queda redactado como segue:

«Serán castigados coa pena de prisión de cinco a sete meses e multa de 10 a 14 meses os que establezan depósitos ou vertedoiros de desperdicios ou residuos sólidos ou líquidos que sexan tóxicos ou perigosos e poidan prexudicar gravemente o equilibrio dos sistemas naturais ou a saúde das persoas.»

Centésimo vixésimo. Modifícase a rúbrica do capítulo IV do título XVI do libro II coa seguinte redacción:

«Dos delitos relativos á protección da flora, fauna e animais domésticos.»

Centésimo vixésimo primeiro. Modifícase o artigo 332, que queda redactado como segue:

«O que con grave prexuízo para o ambiente corte, decote, queime, arrinque, recolecte ou efectúe tráfico ilegal dalgunha especie ou subespecie de flora ameazada ou dos seus propágulos, ou destrúa ou altere gravemente o seu hábitat, será castigado coa pena de prisión de catro meses a dous anos ou multa de oito a 24 meses.»

Centésimo vixésimo segundo. Modifícase o artigo 333, que queda redactado como segue:

«O que introduza ou libere especies de flora ou fauna non autóctona, de modo que prexudique o equilibrio biolóxico, contravindo as leis ou disposicións de carácter xeral protectoras das especies de flora ou fauna, será castigado coa pena de prisión de catro meses a dous anos ou multa de oito a 24 meses.»

Centésimo vixésimo terceiro. Modifícase o número 1 do artigo 334, que queda redactado como segue:

«1. O que cace ou pesque especies ameazadas, realice actividades que impidan ou dificulten a súa reprodución ou migración, contravindo as leis ou disposicións de carácter xeral protectoras das especies de fauna silvestre, comercie ou trafique con elas ou cos seus restos será castigado coa pena de prisión de catro meses a dous anos ou multa de oito a 24 meses e, en todo caso, inhabilitación especial para o exercicio do dereito de cazar ou pescar por tempo de dous a catro anos.»

Centésimo vixésimo cuarto. Modifícase o artigo 335, que queda redactado como segue:

«1. O que cace ou pesque especies distintas das indicadas no artigo anterior, cando estea expresamente prohibido polas normas específicas sobre a súa caza ou pesca, será castigado coa pena de multa de oito a 12 meses e inhabilitación especial para o exercicio do dereito de cazar ou pescar por tempo de dous a cinco anos.

2. O que cace ou pesque as especies a que se refire o número anterior en terreos públicos ou privados alleos, sometidos a réxime cinexético especial, sen o debido permiso do seu titular, será castigado coa pena de multa de catro a oito meses e inhabilitación especial para o exercicio do dereito de cazar ou pescar por tempo de un a tres anos, ademais das penas que lle puidesen corresponder, se é o caso, pola comisión do delicto previsto no número 1 deste artigo.

3. Se as conductas anteriores producen graves danos ó patrimonio cinexético dun terreo sometido a réxime cinexético especial, imponse a pena de prisión de seis meses a dous anos e inhabilitación especial para o exercicio dos dereitos de cazar e pescar por tempo de dous a cinco anos.

4. Imponse a pena na súa metade superior cando as conductas tipificadas neste artigo se realicen en grupo de tres ou máis persoas ou utilizando artes ou medios prohibidos legal ou regulamentariamente.»

Centésimo vixésimo quinto. Modifícase o artigo 336, que queda redactado como segue:

«O que, sen estar legalmente autorizado, empregue para a caza ou pesca veneno, medios explosivos ou outros instrumentos ou artes de similar eficacia destructiva para a fauna, será castigado coa pena de prisión de catro meses a dous anos ou multa de oito a 24 meses e, en todo caso, inhabilitación especial para o exercicio do dereito de cazar ou pescar por tempo de un a tres anos. Se o dano causado é de notoria importancia, imponse a pena de prisión antes mencionada na súa metade superior.»

Centésimo vixésimo sexto. Modifícase o artigo 337, que queda redactado como segue:

«Os que maltraten con asaño e inxustificadamente animais domésticos causándolle a morte ou provocándolles lesións que produzan un grave menoscabo físico serán castigados coa pena de prisión de tres meses a un ano e inhabilitación especial de un a tres anos para o exercicio de profesión, oficio ou comercio que teña relación cos animais.»

Centésimo vixésimo sétimo. Modifícase o artigo 346, que queda redactado como segue:

«1. Os que, provocando explosións ou utilizando calquera outro medio de similar potencia destructiva, causen a destrución de aeroportos, portos, estacións, edificios, locais públicos, depósitos que conteñan materiais inflamables ou explosivos, vías de comunicación, medios de transporte colectivos, ou a inmersión ou varamento de nave, inundación, explosión dunha mina ou instalación industrial, levantamento dos carrís dunha vía férrea, cambio malicioso dos sinais empregados no servizo desta para a seguridade dos medios de transporte, voadura de ponte, estrago de calzada pública, perturbación grave de calquera clase ou medio de comunicación, perturbación ou interrupción da subministración de auga, electricidade ou outro recurso natural fundamental incorrerán na pena de prisión

de 10 a 20 anos, cando os estragos comportasen necesariamente un perigo para a vida ou integridade das persoas.

2. Cando non concorrese tal perigo, castigaranse como danos previstos no artigo 266 deste código.

3. Se, ademais do perigo, se producise lesión para a vida, integridade física ou saúde das persoas, os feitos castigaranse separadamente coa pena correspondente ó delicto cometido.»

Centésimo vixésimo oitavo. Modifícase o artigo 369, que queda redactado como segue:

«1. Imporanse as penas superiores en grao ás sinaladas no artigo anterior e multa do tanto ó cuádruplo cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

1.^a Que o culpable sexa autoridade, funcionario público, facultativo, traballador social, docente ou educador e obre no exercicio do seu cargo, profesión ou oficio.

2.^a Que o culpable pertenza a unha organización ou asociación, mesmo de carácter transitorio, que teña como finalidade difundir tales substancias ou produtos aínda de modo ocasional.

3.^a Que o culpable participe noutras actividades organizadas ou a execución das cales se vexa facilitada pola comisión do delicto.

4.^a Que os feitos sexan realizados en establecementos abertos ó público polos responsables ou empregados deles.

5.^a Que as substancias a que se refire o artigo anterior se faciliten a menores de 18 anos, a diminuídos psíquicos ou a persoas sometidas a tratamento de deshabitación ou rehabilitación.

6.^a Que sexa de notoria importancia a cantidade das citadas substancias obxecto das condutas a que se refire o artigo anterior.

7.^a Que as referidas substancias se adulteren, manipulen ou mesturen entre si ou con outras, incrementando o posible dano á saúde.

8.^a Que as conductas descritas no artigo anterior teñan lugar en centros docentes, en centros, establecementos ou unidades militares, en establecementos penitenciarios ou en centros de deshabitación ou rehabilitación, ou nas súas proximidades.

9.^a Que o culpable empregue violencia ou exhiba ou faga uso de armas para comete-lo feito.

10.^a Que o culpable introducese ou sacase ilegalmente as referidas substancias ou produtos do territorio nacional, ou favorecese a realización de tales condutas.

2. Nos supostos previstos nas circunstancias 2.^a, 3.^a e 4.^a do número anterior deste artigo, imponse á organización, asociación ou persoa titular do establecemento unha multa do tanto ó triplo do valor da droga obxecto do delicto, o comiso dos bens obxecto do delicto e dos produtos e beneficios obtidos directa ou indirectamente do acto delictuoso e, ademais, a autoridade xudicial poderá decretar algunha das seguintes medidas:

1.^a A perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas e do dereito a gozar de beneficios ou incentivos fiscais ou da Seguridade Social, durante o tempo que dure a maior das penas privativas de liberdade imposta.

2.^a A aplicación das medidas previstas no artigo 129 deste código.»

Centésimo vixésimo noveno. Modifícase o artigo 370, que queda redactado como segue:

«Imporase a pena superior en un ou dous graos á sinalada no artigo 368 cando:

1.º Se utilicen menores de 18 anos ou diminuídos psíquicos para cometer estes delitos.

2.º Se trate dos xefes, administradores ou encargados das organizacións a que se refiren as circunstancias 2.ª e 3.ª do número 1 do artigo anterior.

3.º As conductas descritas no artigo 368 sexan de extrema gravidade.

Considéranse de extrema gravidade os casos en que a cantidade das substancias a que se refire o artigo 368 excedan notablemente a considerada como de notoria importancia, ou se utilizasen buques ou aeronaves como medio de transporte específico, ou se levasen a cabo as conductas indicadas simulando operacións de comercio internacional entre empresas, ou se trate de redes internacionais dedicadas a este tipo de actividades, ou cando concorresen tres ou máis das circunstancias previstas no artigo 369.1.

Nos supostos dos anteriores números 2.º e 3.º imporase ós culpables, ademais, unha multa do tanto ó triplo do valor da droga obxecto do delito.»

Centésimo trixésimo. Modifícase o número 2 do artigo 371, que queda redactado como segue:

«2. Imporase a pena sinalada na súa metade superior cando as persoas que realicen os feitos descritos no número anterior pertencen a unha organización dedicada ós fins nel sinalados, e a pena superior en grao cando se trate dos xefes, administradores ou encargados das referidas organizacións ou asociacións.

En tales casos, os xuíces ou tribunais imporán, ademais das penas correspondentes, a de inhabilitación especial do reo para o exercicio da súa profesión ou industria por tempo de tres a seis anos, e as demais medidas previstas no artigo 369.2.»

Centésimo trixésimo primeiro. Modifícase o artigo 374, que queda redactado como segue:

«1. Nos delitos previstos nos artigos 301.1, parágrafo segundo, e 368 a 372, ademais das penas que corresponda impor polo delito cometido, serán obxecto de comiso as drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas, os equipamentos, materiais e substancias a que se refire o artigo 371, así como os bens, medios, instrumentos e ganancias con suxeición ó disposto no artigo 127 deste código e ás seguintes normas especiais:

1.ª As drogas, estupefacientes e substancias psicotrópicas serán destruídas pola autoridade administrativa baixo a custodia do cal se encontren, unha vez realizados os informes analíticos pertinentes e gardadas mostras bastantes delas, salvo que a autoridade xudicial competente ordenase a súa conservación íntegra. Unha vez que a sentenza sexa firme, procederáse á destrución das mostras que se tivesen apartado ou á destrución da totalidade do incautado, no caso de que o órgano xudicial competente ordenase a súa conservación.

2.ª A fin de garanti-la efectividade do comiso, os bens, medios, instrumentos e ganancias poderán ser aprehendidos ou embargados e postos en depósito pola autoridade xudicial desde o momento das primeiras dilixencias.

3.ª A autoridade xudicial poderá acordar que, coas debidas garantías para a súa conservación e mentres se substancia o procedemento, o obxecto do comiso, se é de lícito comercio, poida ser utilizado provisoriamente pola policía xudicial encargada da represión do tráfico ilegal de drogas.

4.ª Se, por calquera circunstancia, non é posible o comiso dos bens e efectos sinalados no parágrafo anterior, poderá acordarse o doutros por un valor equivalente.

5.ª Cando os bens, medios, instrumentos e ganancias do delito desaparecesen do patrimonio dos presuntos responsables, poderase acordalo comiso do seu valor sobre outros bens distintos mesmo de orixe lícita, que pertencen ós responsables.

2. Os bens comisados poderán ser alleados, sen espera-lo pronunciamento de firmeza da sentenza, nos seguintes casos:

a) Cando o propietario faga expreso abandono deles.

b) Cando a súa conservación poida resultar perigosa para a saúde ou seguridade públicas, ou dar lugar a unha diminución importante do seu valor, ou afectar gravemente o seu uso e funcionamento habituais. Entenderanse incluídos os que, sen sufriren deterioración material, se deprecien polo transcurso do tempo.

Cando concorran estes supostos, a autoridade xudicial ordenará o alleamento, ben de oficio ou por instancia do Ministerio Fiscal, o avogado do Estado ou a representación procesual das comunidades autónomas, entidades locais ou outras entidades públicas, e logo de audiencia do interesado.

O importe do alleamento, que se realizará por calquera das formas legalmente previstas, quedará depositado precedendo o correspondente proceso legal, unha vez deducidos os gastos de calquera natureza que se producisen.

3. Nos delitos a que se refiren os números precedentes, os xuíces e tribunais que coñezan da causa poderán declara-la nulidade dos actos ou negocios xurídicos en virtude dos cales se transmitisen, gravasen ou modificasen a titularidade real ou dereitos relativos ós bens e efectos sinalados nos números anteriores.

4. Os bens, medios, instrumentos e ganancias definitivamente comisados por sentenza, que non poderán ser aplicados á satisfacción das responsabilidades civís derivadas do delito nin das custas procesuais, serán adxudicados integramente ó Estado.»

Centésimo trixésimo segundo. Modifícase o artigo 376, que queda redactado como segue:

«Nos casos previstos nos artigos 368 a 372, os xuíces ou tribunais, razoándoo na sentenza, poderán impo-la pena inferior en un ou dous graos á sinalada pola lei para o delito de que se trate, sempre que o suxeito abandonase voluntariamente as súas actividades delictuosas e colaborase activamente coas autoridades ou os seus axentes ben

para impedi-la produción do delicto, ben para obter probas decisivas para a identificación ou captura doutros responsables ou para impedi-la actuación ou o desenvolvemento das organizacións ou asociacións a que pertencese ou con que colaborese.

Igualmente, nos casos previstos nos artigos 368 a 372, os xuíces ou tribunais poderán impo-la pena inferior en un ou dous graos ó reo que, sendo drogodependente no momento de comisión dos feitos, acredite suficientemente que finalizou con éxito un tratamento de deshabitación, sempre que a cantidade de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas non fose de notoria importancia ou de extrema gravidade.»

Centésimo trixésimo terceiro. Modifícase o artigo 379, que queda redactado como segue:

«O que conduza un vehículo de motor ou un ciclomotor baixo a influencia de drogas tóxicas, estupefacientes, substancias psicotrópicas ou de bebidas alcohólicas será castigado coa pena de prisión de tres a seis meses ou multa de seis a 12 meses e, se é o caso, traballos en beneficio da comunidade de 31 a 90 días e, en calquera caso, privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores por tempo superior a un e ata catro anos.»

Centésimo trixésimo cuarto. Engádesse un parágrafo segundo ó artigo 381, co seguinte texto:

«En todo caso, considerarase que existe temeridade manifesta e concreto perigo para a vida ou a integridade das persoas nos casos de conducción baixo os efectos de bebidas alcohólicas con altas taxas de alcohol en sangue e cun exceso desproporcionado de velocidade respecto dos límites establecidos.»

Centésimo trixésimo quinto. Modifícase o parágrafo inicial do artigo 382, nos seguintes termos:

«Será castigado coa pena de prisión de seis meses a dous anos ou multa de 12 a 24 meses o que orixine un grave risco para a circulación dalgunha das seguintes formas:»

Centésimo trixésimo sexto. Modifícase o artigo 386, que queda redactado como segue:

«Será castigado coa pena de prisión de oito a 12 anos e multa do tanto ó décuplo do valor aparente da moeda:

1.º O que altere a moeda ou fabrique moeda falsa.

2.º O que introduza no país ou exporte moeda falsa ou alterada.

3.º O que transporte, expendo ou distribúa, en convivencia co falsificador, alterador, introductor ou exportador, moeda falsa ou alterada.

A tenza de moeda falsa para a súa expedición ou distribución será castigada coa pena inferior en un ou dous graos, atendendo ó valor daquela e ó grao de convivencia cos autores mencionados nos números anteriores. A mesma pena se imporá ó que, sabéndoa falsa, adquira moeda co fin de a pór en circulación.

O que, tendo recibido de boa fe moeda falsa, a expendo ou distribúa despois de lle consta-la súa falsidade será castigado coa pena de prisión de tres a seis meses ou multa de seis a 24 meses, se o valor aparente da moeda é superior a 400 euros.

Se o culpable pertence a unha sociedade, organización ou asociación, mesmo de carácter transitorio, que se dedique á realización destas actividades, o xuíz ou tribunal poderá impor algunha ou algunhas das consecuencias previstas no artigo 129 deste código.»

Centésimo trixésimo sétimo. Modifícase o artigo 387, que queda redactado como segue:

«Para os efectos do artigo anterior, enténdese por moeda a metálica e papel moeda de curso legal. Para os mesmos efectos, consideraranse moeda as tarxetas de crédito, as de débito e as demais tarxetas que se poidan utilizar como medio de pagamento, así como os cheques de viaxe. Igualmente, equipararanse á moeda nacional as doutros países da Unión Europea e as estranxeiras.»

Centésimo trixésimo oitavo. Modifícase o artigo 389, que queda redactado como segue:

«O que falsifique ou expendo, en convivencia co falsificador, selos de correos ou obxectos timbrados, ou os introduza en España coñecendo a súa falsidade, será castigado coa pena de prisión de seis meses a tres anos.

O adquirente de boa fe de selos de correos ou obxectos timbrados que, coñecendo a súa falsidade, os distribúa ou utilice en cantidade superior a 400 euros será castigado coa pena de prisión de tres a seis meses ou multa de seis a 24 meses.»

Centésimo trixésimo noveno. Modifícase o número 3 do artigo 432, que queda redactado como segue:

«3. Cando a subtracción non atinxa a cantidade de 4.000 euros, imporanse as penas de multa superior a dous e ata catro meses, prisión de seis meses a tres anos e suspensión de emprego ou cargo público por tempo de ata tres anos.»

Centésimo cuadraxésimo. Modifícase o artigo 443, que queda redactado como segue:

«1. Será castigado coa pena de prisión de un a dous anos e inhabilitación absoluta por tempo de seis a 12 anos, a autoridade ou funcionario público que solicite sexualmente a unha persoa que, para si mesma ou para o seu cónxuxe ou outra persoa coa que estea ligado de forma estable por análoga relación de afectividade, ascendente, descendente, irmán, por natureza, por adopción, ou afín nos mesmos graos, teña pretensións pendentas da resolución daquel ou acerca das cales deba emitir informe ou elevar consulta ó seu superior.

2. O funcionario de institucións penitenciarias ou de centros de protección ou corrección de menores que solicite sexualmente a unha persoa suxeita á súa garda será castigado coa pena de prisión de un a catro anos e inhabilitación absoluta por tempo de seis a 12 anos.

3. Nas mesmas penas incorrerá cando a persoa solicitada sexa ascendente, descendente, irmán, por natureza, por adopción, ou afíns nos mesmos

graos de persoa que teña baixo a súa garda. Incurrirá, así mesmo, nestas penas cando a persoa solidada sexa cónxuxe de persoa que teña baixo a súa garda ou estea ligada a esta de forma estable por análogo relación de afectividade.»

Centésimo cuadraxésimo primeiro. Modifícase o artigo 444, que queda redactado como segue:

«As penas previstas no artigo anterior imponse sen prexuízo das que correspondan polos delitos contra a liberdade sexual efectivamente cometidos.»

Centésimo cuadraxésimo segundo. Engádesse un capítulo X ó título XIX do libro II coa rúbrica seguinte:

«Dos delitos de corrupción nas transaccións comerciais internacionais.»

Centésimo cuadraxésimo terceiro. Modifícase o artigo 445, que queda redactado como segue:

«1. Os que con dádivas, presentes, ofrecementos ou promesas, corrompan ou tenten corromper, por si ou por persoa interposta, as autoridades ou funcionarios públicos estranxeiros ou de organizacións internacionais no exercicio do seu cargo en beneficio destes ou dun terceiro, ou atendan ás súas solicitudes ó respecto, co fin de que actúen ou se absteñan de actuar en relación co exercicio de funcións públicas para conseguir ou conservar un contrato ou outro beneficio irregular na realización de actividades económicas internacionais, serán castigados coas penas previstas no artigo 423, nos seus respectivos casos.

2. Se o culpable pertence a unha sociedade, organización ou asociación, mesmo de carácter transitorio, que se dedique á realización destas actividades, o xuíz ou tribunal poderá impor algunha ou algunhas das consecuencias previstas no artigo 129 deste código.»

Centésimo cuadraxésimo cuarto. Modifícase a alínea a) do artigo 451.3.º, que queda redactada como segue:

«a) Que o feito encuberto sexa constitutivo de traizón, homicidio do rei, de calquera dos seus ascendentes ou descendentes, da raíña consorte ou do consorte da raíña, do rexente ou dalgún membro da rexencia, ou do príncipe herdeiro da Coroa, xenocidio, delito de lesa humanidade, delito contra as persoas e bens protexidos en caso de conflito armado, rebelión, terrorismo ou homicidio.»

Centésimo cuadraxésimo quinto. Suprímese o contido do número 2 do artigo 461, pasando o contido do seu número 3 a integra-lo número 2.

Centésimo cuadraxésimo sexto. Modifícanse os números 1 e 3 do artigo 463, que quedan redactados como segue:

«1. O que, citado en legal forma, deixe voluntariamente de comparecer, sen xusta causa, ante un xulgado ou tribunal en proceso criminal con reo en prisión provisoria, provocando a suspensión do xuízo oral, será castigado coa pena de prisión de tres a seis meses ou multa de seis a 24 meses. Na pena de multa de seis a 10 meses incorrerá o que, tendo sido advertido, o faga por segunda vez en causa criminal sen reo en prisión, provocase ou non a suspensión.»

«3. Se a suspensión ten lugar, no caso do número 1 deste artigo, como consecuencia da incomparecencia do xuíz ou membro do tribunal ou de quen exerza as funcións de secretario xudicial, imponse a pena de prisión de tres a seis meses ou multa de seis a 24 meses e, en calquera caso, inhabilitación especial por tempo de dous a catro anos.»

Centésimo cuadraxésimo sétimo. Modifícase o artigo 468, que queda redactado como segue:

«1. Os que quebren a súa condena, medida de seguridade, prisión, medida cautelar, condución ou custodia serán castigados coa pena de prisión de seis meses a un ano se están privados de liberdade.

2. Nos demais supostos, imponse multa de 12 a 24 meses, salvo que se quebren as prohibicións a que se refire o número 2 do artigo 57 deste código, caso en que se poderá impo-la pena de prisión de tres meses a un ano ou a de traballos en beneficio da comunidade de 90 a 180 días.»

Centésimo cuadraxésimo oitavo. Introdúcese no título XX do libro II do Código penal («Delitos contra a Administración de xustiza») un capítulo IX que quedará rubricado como «Dos delitos contra a Administración de xustiza da Corte Penal Internacional».

Este novo capítulo conterá un artigo 471 bis, que queda redactado como segue:

«1. A testemuña que, intencionadamente, falte á verdade no seu testemuño ante a Corte Penal Internacional, estando obrigada a dici-la verdade conforme as normas estatutarias e regras de procedemento e proba da dita Corte, será castigado con prisión de seis meses a dous anos. Se o falso testemuño se dá en contra do acusado, a pena será de prisión de dous a catro anos. Se a consecuencia do testemuño se dicta unha resolución condenatoria, imponse pena de prisión de catro a cinco anos.

2. O que presente probas ante a Corte Penal Internacional sabendo que son falsas ou que foron falsificadas será castigado coas penas sinaladas no número anterior deste artigo.

3. O que intencionadamente destrúa ou altere probas, ou interfira nas dilixencias de proba ante a Corte Penal Internacional será castigado coa pena de prisión de seis meses a dous anos e multa de sete a 12 meses.

4. O que corrompa unha testemuña, obstrúa a súa comparecencia ou testemuño ante a Corte Penal Internacional ou interfira neles será castigado coa pena de prisión de un a catro anos e multa de seis a 24 meses.

5. Será castigado con prisión de un a catro anos e multa de seis a 24 meses quen poña empezos a un funcionario da Corte, o corrompa ou intimide, para obrígalo ou inducilo a que non cumpra as súas funcións ou a que o faga de maneira indebida.

6. O que tome represalias contra un funcionario da Corte Penal Internacional en razón de funcións que desempeñase el ou outro funcionario será castigado coa pena de prisión de un a catro anos e multa de seis a 24 meses. Na mesma pena incorrerá quen tome represalias contra unha testemuña pola súa declaración ante a Corte.

7. O que solicite ou acepte un suborno en calidade de funcionario da Corte e en relación coas súas funcións oficiais incorrerá na pena de prisión de dous a cinco anos e multa do tanto ó triplo do valor da dádiva solicitada ou aceptada.»

Centésimo cuadraxésimo noveno. Modifícase o número 3 do artigo 502, que queda redactado como segue:

«3. O que, convocado ante unha comisión parlamentaria de investigación, falte á verdade no seu testemuño será castigado coa pena de prisión de seis meses a un ano ou multa de 12 a 24 meses.»

Centésimo quincuaxésimo. Modifícase o número 4 do artigo 514, que queda redactado como segue:

«4. Os que impedan o lexítimo exercicio das liberdades de reunión ou manifestación, ou perturben gravemente o desenvolvemento dunha reunión ou manifestación lícita serán castigados coa pena de prisión de dous a tres anos se os feitos se realizan con violencia, e coa pena de prisión de tres a seis meses ou multa de seis a 12 meses se se cometen mediante vías de feito ou calquera outro procedemento ilexítimo.»

Centésimo quincuaxésimo primeiro. Suprímese o número 6.º do artigo 515.

Centésimo quincuaxésimo segundo. Modifícase o artigo 524, que queda redactado como segue:

«O que en templo, lugar destinado ó culto ou en cerimonias relixiosas execute actos de profanación en ofensa dos sentimentos relixiosos legalmente tutelados será castigado coa pena de prisión de seis meses a un ano ou multa de 12 a 24 meses.»

Centésimo quincuaxésimo terceiro. Modifícase o artigo 526, que queda redactado como segue:

«O que, faltando ó respecto debido á memoria dos mortos, viole os sepulcros ou sepulturas, profane un cadáver ou as súas cinzas ou, con ánimo de afronta, destrúa, altere ou dane as urnas funerarias, panteóns, campas ou nichos será castigado coa pena de prisión de tres a cinco meses ou multa de seis a 10 meses.»

Centésimo quincuaxésimo cuarto. Modifícase o artigo 557, que queda redactado como segue:

«1. Serán castigados coa pena de prisión de seis meses a tres anos os que, actuando en grupo, e co fin de atentaren contra a paz pública, alteren a orde pública causando lesións ás persoas, producindo danos nas propiedades, obstaculizando as vías públicas ou os accesos a elas de maneira perigosa para os que por elas circulen, ou invadindo instalacións ou edificios, sen prexuízo das penas que lles poidan corresponder conforme outros preceptos deste código.

2. Imporase a pena superior en grao ás previstas no número precedente ós autores dos actos alí citados cando estes se producisen con ocasión da celebración de eventos ou espectáculos que congreguen gran número de persoas. Con idéntica pena serán castigados os que no interior dos recintos onde se celebren estes eventos alteren a orde pública mediante comportamentos que provoquen ou sexan susceptibles de provocar avalanchas ou outras reaccións no público que poñan en situación de perigo parte ou a totalidade dos asistentes. Nestes casos poderase impor tamén a pena de pri-

vación de acudir a eventos ou espectáculos da mesma natureza por un tempo superior ata tres anos á pena de prisión imposta.»

Centésimo quincuaxésimo quinto. Modifícase o artigo 558, que queda redactado como segue:

«Serán castigados coa pena de prisión de tres a seis meses ou multa de seis a 12 meses, os que perturben gravemente a orde na audiencia dun tribunal ou xulgado, nos actos públicos propios de calquera autoridade ou corporación, en colexio electoral, oficina ou establecemento público, centro docente ou con motivo da celebración de espectáculos deportivos ou culturais. Nestes casos poderase impor tamén a pena de privación de acudir ós lugares, eventos ou espectáculos da mesma natureza por un tempo superior ata tres anos á pena de prisión imposta.»

Centésimo quincuaxésimo sexto. Modifícase o artigo 561, que queda redactado como segue:

«O que, con ánimo de atentar contra a paz pública, afirme falsamente a existencia de aparellos explosivos ou outros que poidan causa-lo mesmo efecto, ou de substancias químicas, biolóxicas ou tóxicas que poidan causar dano á saúde, será castigado coa pena de prisión de seis meses a un ano ou multa de 12 a 24 meses, atendida a alarma ou alteración da orde efectivamente producida.»

Centésimo quincuaxésimo sétimo. Modifícase o artigo 566, que queda redactado como segue:

«1. Os que fabriquen, comercialicen ou establezan depósitos de armas ou municións non autorizados polas leis ou a autoridade competente serán castigados:

1.º Se se trata de armas ou municións de guerra ou de armas químicas ou biolóxicas, coa pena de prisión de cinco a 10 anos os promotores e organizadores, e coa de prisión de tres a cinco anos os que cooperasen á súa formación.

2.º Se se trata de armas de fogo regulamentadas ou municións para elas, coa pena de prisión de dous a catro anos os promotores e organizadores, e coa de prisión de seis meses a dous anos os que cooperasen á súa formación.

3.º Coas mesmas penas será castigado, nos seus respectivos casos, o tráfico de armas ou municións de guerra ou de defensa, ou de armas químicas ou biolóxicas.

2. As penas previstas no punto 1.º do número anterior imporanse ós que desenvolvan ou empreguen armas químicas ou biolóxicas ou inicien preparativos militares para o seu emprego.»

Centésimo quincuaxésimo oitavo. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 567, que quedan redactados como segue:

«1. Considérase depósito de armas de guerra a fabricación, a comercialización ou a tenza de calquera das ditas armas, con independencia do seu modelo ou clase, mesmo que se encontren en pezas desmontadas. Considérase depósito de armas químicas ou biolóxicas a fabricación, a comercialización ou a tenza delas.

O depósito de armas, na súa vertente de comercialización, comprende tanto a adquisición como a venda.

2. Considéranse armas de guerra as determinadas como tales nas disposicións reguladoras da defensa nacional. Considéranse armas químicas ou

biolóxicas as determinadas como tales nos tratados ou convenios internacionais en que España sexa parte.

Enténdese por desenvolvemento de armas químicas ou biolóxicas calquera actividade consistente na investigación ou estudio de carácter científico ou técnico encamiñada á creación dunha nova arma química ou biolóxica ou a modificación dunha preexistente.»

Centésimo quincuaxésimo noveno. Modifícase o artigo 570, que queda redactado como segue:

«1. Nos casos previstos neste capítulo poderase impo-la pena de privación do dereito a ter e portar armas por tempo superior en tres anos á pena de prisión imposta.

2. Igualmente, se o delincuente está autorizado para fabricar ou traficar con algunha ou algunhas das substancias, armas e municións mencionadas nel, sufrirá, ademais das penas sinaladas, a de inhabilitación especial para o exercicio da súa industria ou comercio por tempo de 12 a 20 anos.»

Centésimo sesaxésimo. Engádesse un capítulo II bis ó título XXIV do libro II do Código penal, coa rúbrica «Dos delitos de lesa humanidade».

Este novo capítulo conterà o artigo 607 bis, que terá a seguinte redacción:

«1. Son reos de delitos de lesa humanidade os que cometan os feitos previstos no número seguinte como parte dun ataque xeneralizado ou sistemático contra a poboación civil ou contra unha parte dela.

En todo caso, considerarase delito de lesa humanidade a comisión de tales feitos:

1.º Por razón da pertenza da vítima a un grupo ou colectivo perseguido por motivos políticos, raciais, nacionais, étnicos, culturais, relixiosos ou de xénero ou outros motivos universalmente recoñecidos como inaceptables conforme o dereito internacional.

2.º No contexto dun réxime institucionalizado de opresión e dominación sistemáticas dun grupo racial sobre un ou máis grupos raciais e coa intención de manter ese réxime.

2. Os reos de delitos de lesa humanidade serán castigados:

1.º Coa pena de prisión de 15 a 20 anos se causan a morte dalgunha persoa.

Aplicarase a pena superior en grao se concorre no feito algunha das circunstancias previstas no artigo 139.

2.º Coa pena de prisión de 12 a 15 anos se cometen unha violación, e de catro a seis anos de prisión se o feito consiste en calquera outra agresión sexual.

3.º Coa pena de prisión de 12 a 15 anos se producen algunha das lesións do artigo 149, e coa de oito a 12 anos de prisión se someten as persoas a condicións de existencia que poñan en perigo a súa vida ou perturben gravemente a súa saúde ou cando lles produzan algunha das lesións previstas no artigo 150. Aplicarase a pena de prisión de catro a oito anos se cometen algunha das lesións do artigo 147.

4.º Coa pena de prisión de oito a 12 anos se deportan ou trasladan pola forza, sen motivos auto-

rizados polo dereito internacional, unha ou máis persoas a outro Estado ou lugar, mediante a expulsión ou outros actos de coacción.

5.º Coa pena de prisión de seis a oito anos se forzan o embarazo dalgunha muller con intención de modifica-la composición étnica da poboación, sen prexuízo da pena que corresponda, se é o caso, por outros delitos.

6.º Coa pena de prisión de 12 a 15 anos cando deteñan algunha persoa e se neguen a recoñece-la dita privación de liberdade ou a dar razón da sorte ou paradiro da persoa detida.

7.º Coa pena de prisión de oito a 12 anos se deteñen outro, privándoo da súa liberdade, con infracción das normas internacionais sobre a detención.

Imporase a pena inferior en grao cando a detención dure menos de quince días.

8.º Coa pena de catro a oito anos de prisión se cometen tortura grave sobre persoas que teñan baixo a súa custodia ou control, e coa de prisión de dous a seis anos se foi menos grave.

Para os efectos deste artigo, enténdese por tortura o sometemento da persoa a sufrimentos físicos ou psíquicos.

A pena prevista neste número imporase sen prexuízo das penas que correspondan, se é o caso, polos atentados contra outros dereitos da vítima.

9.º Coa pena de prisión de catro a oito anos se cometen algunha das condutas relativas á prostitución recollidas no artigo 187.1, e coa de seis a oito anos nos casos previstos no artigo 188.1.

Imporase a pena de seis a oito anos a quen traslade persoas dun lugar para outro, co propósito da súa explotación sexual, empregando violencia, intimidación ou engano, ou abusando dunha situación de superioridade ou de necesidade ou de vulnerabilidade da vítima.

Cando as condutas previstas no parágrafo anterior e no artigo 188.1 se cometan sobre menores de idade ou incapaces, imporanse as penas superiores en grao.

10.º Coa pena de prisión de catro a oito anos se someten algunha persoa a escravitude ou a manteñen nela. Esta pena aplicarase sen prexuízo das que, se é o caso, correspondan polos concretos atentados cometidos contra os dereitos das persoas.

Por escravitude entenderase a situación da persoa sobre a que outro exerce, mesmo de feito, todos ou algúns dos atributos do dereito de propiedade, como comprala, vendela, emprestala ou dala en troca.»

Centésimo sesaxésimo primeiro. O actual parágrafo 6.º do artigo 608 pasa a se-lo parágrafo 7.º Introdúcese un novo parágrafo 6.º neste artigo coa seguinte redacción:

«6.º O persoal de Nacións Unidas e persoal asociado, protexidos pola Convención sobre a Seguranza do Persoal das Nacións Unidas e do Persoal Asociado, do 9 de decembro de 1994.»

Centésimo sesaxésimo segundo. Modifícase o artigo 610, que queda redactado como segue:

«O que, con ocasión dun conflito armado, empregue ou ordene empregar métodos ou medios de combate prohibidos ou destinados a causar sufrimentos

mentos innecesarios ou males superfluos, así como aqueles concibidos para causar ou dos cales fundamentalmente caiba prever que causen danos extensos, duradeiros e graves ó ambiente natural, comprometendo a saúde ou a supervivencia da poboación, ou ordene non dar cuartel, será castigado coa pena de prisión de 10 a 15 anos, sen prexuízo da pena que corresponda polos resultados producidos.»

Centésimo sesaxésimo terceiro. Os actuais números 4.º, 5.º, 6.º e 7.º do artigo 611 pasan a se-los parágrafos 6.º, 7.º, 8.º e 9.º. Introdúcense dous novos parágrafos 4.º e 5.º neste artigo coa seguinte redacción:

«4.º Deporte, traslade de modo forzoso, tome como refén ou deteña ou confine ilegalmente calquera persoa protexida ou a utilice para pór certos puntos, zonas ou forzas militares a cuberto dos ataques da parte adversa.

5.º Traslade e asente, directa ou indirectamente, en territorio ocupado a poboación da parte ocupante, para que resida nel de modo permanente.»

Centésimo sesaxésimo cuarto. Modifícanse os números 1.º, 2.º e 3.º do artigo 612, que quedan redactados como segue:

«1.º Viole conscientemente a protección debida a hospitais, instalacións, material, unidades e medios de transporte sanitario, campos de prisioneiros, zonas e localidades sanitarias e de seguridade, zonas neutralizadas, lugares de internamento da poboación civil, localidades non defendidas e zonas desmilitarizadas, dadas a coñecer polos signos ou sinais distintivos apropiados.

2.º Exerza violencia sobre o persoal sanitario ou relixioso ou integrante da misión médica, ou das sociedades de socorro ou contra o persoal habilitado para usa-los signos ou sinais distintivos dos Convenios de Xenebra, de conformidade co dereito internacional.

3.º Inxurie gravemente, prive ou non procure o alimento indispensable ou a asistencia médica necesaria a calquera persoa protexida ou a faga obxecto de tratos humillantes ou degradantes, omíta informala, sen demora xustificada e de modo comprensible, da súa situación, impoña castigos colectivos por actos individuais ou viole as prescricións sobre o aloxamento de mulleres e familias ou sobre protección especial de mulleres e nenos establecidas nos tratados internacionais en que España sexa parte.»

Centésimo sesaxésimo quinto. Modifícanse o primeiro parágrafo e a alínea a) do número 1 do artigo 613, que quedan redactados como segue:

«1. Será castigado coa pena de prisión de catro a seis anos o que, con ocasión dun conflito armado, realice ou ordene realizar algunha das seguintes accións:

a) Ataque ou faga obxecto de represalias ou actos de hostilidade contra bens culturais ou lugares de culto, claramente recoñecidos, que constitúen o patrimonio cultural ou espiritual dos pobos, e ós cales se conferise protección en virtude de acordos especiais, ou bens culturais baixo protección reforzada, causando como consecuencia extensas destrucións, sempre que tales bens non

estean situados na inmediata proximidade de obxectivos militares ou non sexan utilizados en apoio do esforzo militar do adversario.»

Centésimo sesaxésimo sexto. No capítulo III do título XXIV do libro II («Dos delitos contra as persoas e bens protexidos en caso de conflito armado») introdúcese un artigo 614 bis, que queda redactado como segue:

«Cando calquera das conductas contidas neste capítulo formen parte dun plan ou política ou se cometan a grande escala, aplicaranse as respectivas penas na súa metade superior.»

Centésimo sesaxésimo sétimo. No capítulo IV do título XXIV do libro II («Disposicións comúns») introdúcese un artigo 615 bis, que queda redactado como segue:

«1. A autoridade ou xefe militar ou quen actúe efectivamente como tal que non adopte as medidas ó seu alcance para evita-la comisión polas forzas sometidas ó seu mando ou control efectivo, dalgún dos delitos comprendidos nos capítulos II, II bis e III deste título, será castigado coa mesma pena que os autores.

2. Se a conducta anterior se realiza por imprudencia grave, a pena será a inferior en un ou dous graos.

3. A autoridade ou xefe militar ou quen actúe efectivamente como tal que non adopte as medidas ó seu alcance para que sexan perseguidos os delitos comprendidos nos capítulos II, II bis e III deste título cometidos polas persoas sometidas ó seu mando ou control efectivo será castigada coa pena inferior en dous graos á dos autores.

4. O superior non comprendido nos números anteriores que, no ámbito da súa competencia, non adopte as medidas ó seu alcance para evita-la comisión polos seus subordinados dalgún dos delitos comprendidos nos capítulos II, II bis e III deste título será castigado coa mesma pena que os autores.

5. O superior que non adopte as medidas ó seu alcance para que sexan perseguidos os delitos comprendidos nos capítulos II, II bis e III deste título cometidos polos seus subordinados será castigado coa pena inferior en dous graos á dos autores.

6. O funcionario ou autoridade que, sen incorrer nas conductas previstas nos números anteriores, e faltando á obriga do seu cargo, deixe de promover a persecución dalgún dos delitos dos comprendidos nos capítulos II, II bis e III deste título de que teña noticia será castigado coa pena de inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo de dous a seis anos.»

Centésimo sesaxésimo oitavo. No capítulo IV do título XXIV do libro II («Disposicións comúns») introdúcese un artigo 616 bis, que queda redactado como segue:

«O disposto no artigo 20.7.º deste código en ningún caso resultará aplicable a quen cumpra mandatos de cometer ou participar nos feitos incluídos nos capítulos II e II bis deste título.»

Centésimo sesaxésimo noveno. Modifícase o artigo 617, que queda redactado como segue:

«1. O que, por calquera medio ou procedemento, cause a outro unha lesión non definida como delito neste código será castigado coa pena de

localización permanente de seis a 12 días ou multa de un a dous meses.

2. O que golpee ou maltrate de obra outro sen causarlle lesión será castigado coa pena de localización permanente de dous a seis días ou multa de 10 a 30 días.»

Centésimo septuaxésimo. Modifícase o artigo 618, que queda redactado como segue:

«1. Serán castigados coa pena de localización permanente de seis a 12 días ou multa de 12 a 24 días os que, encontrando abandonado un menor de idade ou un incapaz, non o presenten á autoridade ou á súa familia ou non lle presten, se é o caso, o auxilio que as circunstancias requiran.

2. O que incumpra obrigas familiares establecidas en convenio xudicialmente aprobado ou resolución xudicial nos supostos de separación legal, divorcio, declaración de nulidade do matrimonio, proceso de filiación ou proceso de alimentos a favor dos seus fillos, que non constitúa delicto, será castigado coa pena de multa de 10 días a dous meses ou traballos en beneficio da comunidade de un a 30 días.»

Centésimo septuaxésimo primeiro. Modifícase o artigo 620, que queda redactado como segue:

«Serán castigados coa pena de multa de 10 a 20 días:

1.º Os que, de modo leve, ameacen outro con armas ou outros instrumentos perigosos, ou os saquen en rifa, como non sexa en xusta defensa, e salvo que o feito sexa constitutivo de delicto.

2.º Os que causen a outro unha ameaza, coacción, inxuria ou vexación inxusta de carácter leve.

Os feitos descritos nos dous números anteriores só serán perseguibles mediante denuncia da persoa agraviada ou do seu representante legal.

Nos supostos do número 2.º deste artigo, cando o ofendido sexa algunha das persoas a que se refire o artigo 173.2, a pena será a de localización permanente de catro a oito días, sempre en domicilio diferente e afastado do da vítima, ou traballos en beneficio da comunidade de cinco a 10 días. Nestes casos non será esixible a denuncia a que se refire o parágrafo anterior deste artigo, excepto para a persecución das inxurias.»

Centésimo septuaxésimo segundo. Modifícanse os números 3 e 4 do artigo 621, que quedan redactados como segue:

«3. Os que por imprudencia leve causen lesión constitutiva de delicto serán castigados con pena de multa de 10 a 30 días.

4. Se o feito se comete con vehículo de motor ou ciclomotor, poderase impor, ademais, a pena de privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores por tempo de tres meses a un ano.»

Centésimo septuaxésimo terceiro. Modifícase o artigo 623, que queda redactado como segue:

«Serán castigados con localización permanente de catro a 12 días ou multa de un a dous meses:

1. Os que cometan furto, se o valor do furtado non excede os 400 euros.

2. Os que realicen a conducta descrita no artigo 236, sempre que o valor da cousa non exceda os 400 euros.

3. Os que subtraian ou utilicen sen a debida autorización, sen ánimo de apropiarse del, un vehículo de motor ou ciclomotor alleo, se o valor do vehículo utilizado non excede os 400 euros.

Se o feito se executa empregando forza nas cousas, imporase a pena na súa metade superior. Se se realiza con violencia ou intimidación nas persoas, penarase conforme o disposto no artigo 244.

4. Os que cometan estafa, apropiación indebida, ou defraudación de electricidade, gas, auga ou outro elemento, enerxía ou fluído, ou en equipamentos terminais de telecomunicación, en contía non superior a 400 euros.»

Centésimo septuaxésimo cuarto. Modifícase o artigo 624, que queda redactado como segue:

«1. O que execute os actos comprendidos no artigo 246 será castigado con multa de 10 a 30 días se a utilidade non excede os 400 euros ou non é estimable, sempre que medie denuncia do prexudicado.

2. Será castigado con multa de 10 días a dous meses o que execute os actos recollidos no artigo 247, se a utilidade producida non excede os 400 euros.»

Centésimo septuaxésimo quinto. Modifícase o artigo 625, que queda redactado como segue:

«1. Serán castigados coa pena de localización permanente de dous a 12 días ou multa de 10 a 20 días os que intencionadamente causen danos o importe dos cales non exceda os 400 euros.

2. Imporase a pena na súa metade superior se os danos se causan nos lugares ou bens a que refire o artigo 323 deste código.»

Centésimo septuaxésimo sexto. Modifícase o artigo 626, que queda redactado como segue:

«Os que deterioreen bens inmoables de dominio público ou privado, sen a debida autorización da Administración ou dos seus propietarios, serán castigados coa pena de localización permanente de dous a seis días ou tres a nove días de traballos en beneficio da comunidade.»

Centésimo septuaxésimo sétimo. Modifícase o artigo 627, que queda redactado como segue:

«O que defraude á Facenda da Comunidade Europea máis de 4.000 euros, por calquera dos procedementos descritos no artigo 305, será castigado con multa de un a dous meses.»

Centésimo septuaxésimo oitavo. Modifícase o artigo 628, que queda redactado como segue:

«O que defraude ós orzamentos xerais da Comunidade Europea, ou outros administrados por esta, ou obteña indebidamente fondos das mesmas, por algún dos procedementos descritos nos artigos 306 e 309, en contía superior a 4.000 euros, será castigado coa pena de multa de un a dous meses.»

Centésimo septuaxésimo noveno. Modifícase o artigo 629, que queda redactado como segue:

«Serán castigados coa pena de localización permanente de dous a oito días ou multa de 20 a

60 días os que, tendo recibido de boa fe moeda, billetes, selos de correos ou obxectos timbrados falsos, os expendan en cantidade que non exceda os 400 euros, coñecendo a súa falsidade.»

Centésimo octoxésimo. Modifícase o artigo 630, que queda redactado como segue:

«Os que abandonen xiringas, en todo caso, ou outros instrumentos perigosos de modo ou con circunstancias que poidan causar dano ás persoas ou contaxiar enfermidades, ou en lugares frecuentados por menores, serán castigados coas penas de localización permanente de seis a 10 días ou multa de un a dous meses.»

Centésimo octoxésimo primeiro. Modifícase o artigo 631, que queda redactado como segue:

«1. Os donos ou encargados da custodia de animais feroces ou danos que os deixen ceibos ou en condicións de causaren mal serán castigados coa pena de multa de 20 a 30 días.

2. Os que abandonen un animal doméstico en condicións en que poida perigala súa vida ou a súa integridade serán castigados coa pena de multa de 10 a 30 días.»

Centésimo octoxésimo segundo. Modifícase o artigo 632, que queda redactado como segue:

«1. O que corte, decote, queime, arrinque, recolecte algunha especie ou subespecie de flora ameazada ou dos seus propágulos, sen grave prexuízo para o ambiente, será castigado coa pena de multa de 10 a 30 días ou traballos en beneficio da comunidade de 10 a 20 días.

2. Os que maltraten cruelmente os animais domésticos ou calquera outro en espectáculos non autorizados legalmente sen incorreren nos supostos previstos no artigo 337 serán castigados coa pena de multa de 20 a 60 días ou traballos en beneficio da comunidade de 20 a 30 días.»

Centésimo octoxésimo terceiro. Modifícase o artigo 633, que queda redactado como segue:

«Os que perturben levemente a orde na audiencia dun tribunal ou xulgado, nos actos públicos, en espectáculos deportivos ou culturais, solemnidades ou reunións numerosas serán castigados coas penas de localización permanente de dous a 12 días e multa de 10 a 30 días.»

Centésimo octoxésimo cuarto. Modifícase o artigo 635, que queda redactado como segue:

«Será castigado coa pena de localización permanente de dous a 10 días ou multa de un a dous meses o que se manteña contra a vontade do seu titular, fóra das horas de apertura, no domicilio dunha persoa xurídica pública ou privada, despacho profesional ou oficina ou establecemento mercantil ou local aberto ó público.»

Centésimo octoxésimo quinto. Modifícase o artigo 636, que queda redactado como segue:

«Os que realicen actividades carecendo dos seguros obrigatorios de responsabilidade civil que se esixan legalmente para o exercicio daquelas serán castigados coa pena de multa de un a dous meses.

Non se considerará comprendida entre as actividades a que se refire o parágrafo anterior a conduckión de vehículos de motor e ciclomotores.»

Centésimo octoxésimo sexto. Modifícase o artigo 637, que queda redactado como segue:

«O que use pública e indebidamente uniforme, traxe, insignia ou condecoración oficiais, ou se atribúa publicamente a calidade de profesional amparada por un título académico que non posúa, será castigado coa pena de localización permanente de dous a 10 días ou multa de 10 a 30 días.»

Disposición transitoria primeira.

1. Os delitos e faltas cometidos ata o día da entrada en vigor desta lei xulgaranse conforme a lexislación penal vixente no momento da súa comisión. Non obstante o anterior, aplicarase esta lei, unha vez que entre en vigor, se as súas disposicións son máis favorables para o reo, aínda que os feitos fosen cometidos con anterioridade á súa entrada en vigor.

2. Para a determinación de cal é a lei máis favorable terase en conta a pena que correspondería ó feito axuízado coa aplicación das normas completas do código actual e da reforma contida nesta lei.

3. En todo caso, será oído o reo.

Disposición transitoria segunda.

O Consello Xeral do Poder Xudicial, no ámbito das competencias que lle atribúe o artigo 98 da Lei orgánica do poder xudicial, poderá asignar a un ou varios dos xulgados do penal ou seccións das audiencias provinciais dedicados en réxime de exclusividade á execución de sentencias penais a revisión das sentencias firmes dictadas antes da vixencia desta lei.

Estes xuíces ou tribunais procederán a revisalas sentencias firmes e aquelas en que o penado estea cumprindo efectivamente a pena, aplicando a disposición máis favorable considerada taxativamente e non polo exercicio do arbitrio xudicial. Nas penas privativas de liberdade non se considerará máis favorable esta lei cando a duración da pena anterior imposta ó feito coas súas circunstancias sexa tamén impositivo conforme esta reforma do código. Exceptúase o suposto en que esta lei conteña para o mesmo feito a previsión alternativa dunha pena non privativa de liberdade; en tal caso, deberase revisala sentencia.

Non se revisarán as sentencias en que o cumprimento da pena estea suspendido, sen prexuízo de facelo en caso de se revogala suspensión e antes de proceder ó cumprimento efectivo da pena suspendida. Igual regra se aplicará se o penado se encontra en período de liberdade condicional.

Tampouco se revisarán as sentencias en que, conforme a redacción anterior dos artigos do Código e a presente reforma, corresponda, exclusivamente, pena de multa.

Disposición transitoria terceira.

Non serán revisadas as sentencias en que a pena estea executada ou suspendida, aínda que se encontren pendentes de executar outros pronunciamentos da resolución, así como as xa totalmente executadas, sen prexuízo de que o xuíz ou tribunal que no futuro as poida ter en conta para efectos de reincidencia deba examinar previamente se o feito nelas penado deixou de ser delito

ou lle puidese corresponder unha pena menor da imposta no seu día, conforme esta lei.

Nos supostos de indulto parcial, non se revisarán as sentencias cando a pena resultante que estea a cumprilo condenado se encontre comprendida nun marco imponible inferior respecto a esta lei.

Disposición transitoria cuarta.

Nos casos en que a pena que poida corresponder pola aplicación desta lei sexa a de localización permanente, considerárase, para valorala súa gravidade comparativa, que cada día de localización permanente equivale a un día de prisión.

Disposición transitoria quinta.

Nas sentencias dictadas conforme a lexislación que se derroga e que non sexan firmes por estaren pendentes de recurso, observaranse, unha vez transcorrido o período de vacatio, as seguintes regras:

a) Se se trata dun recurso de apelación, as partes poderán invocar e o xuíz ou tribunal aplicará de oficio os preceptos da nova lei, cando resulten máis favorables ó reo.

b) Se se trata dun recurso de casación, aínda non formalizado, o recorrente poderá sinalar as infraccións legais baseándose nos preceptos da nova lei.

c) Se, interposto recurso de casación, está a substanciarse, pasarase de novo ó recorrente, de oficio ou por instancia de parte, polo prazo de oito días, para que adapte, se o considera procedente, os motivos de casación alegados ós preceptos da nova lei, e do recurso así modificado instruíranse as partes interesadas, o fiscal e o maxistrado relator, continuando a tramitación conforme dereito.

Disposición derradeira primeira.

Primeiro. Introdúcense as seguintes modificacións nos artigos 282 bis, 326, 363, 503, 504, 508, 509, 510, 544 bis e 801 da Lei de axuízamento criminal:

a) Engádesse unha nova alínea d) ó número 4 do artigo 282 bis, coa seguinte redacción:

«d) Delictos relativos á propiedade intelectual e industrial previstos nos artigos 270 a 277 do Código penal.»

As antigas alíneas d), e), f), g), h) i), j) e k) deste número pasan a ser as alíneas e), f), g), h), i), j), k) e l), respectivamente.

b) Engádesse un parágrafo terceiro ó artigo 326, co seguinte contido:

«Cando se poña de manifesto a existencia de pegadas, sinais ou vestixios a análise biolóxica dos cales poida contribuír ó esclarecemento do feito investigado, o xuíz de instrución adoptará ou ordenará á policía xudicial ou ó médico forense que adopte as medidas necesarias para que a recolla, custodia e exame daquelas mostras se verifique en condicións que garantan a súa autenticidade, sen prexuízo do establecido no artigo 282.»

c) Engádesse un segundo parágrafo ó artigo 363, coa seguinte redacción:

«Sempre que concorran acreditadas razóns que o xustifican, o xuíz de instrución poderá acordar,

en resolución motivada, a obtención de mostras biolóxicas do sospeitoso que resulten indispensables para a determinación do seu perfil de ADN. A tal fin, poderá decidirla práctica daqueles actos de inspección, recoñecemento ou intervención corporal que resulten adecuados ós principios de proporcionalidade e razoabilidade.»

d) Modifícase a redacción da alínea c) do artigo 503.1.3.º nos seguintes termos:

«c) Evitar que o imputado poida actuar contra bens xurídicos da vítima, especialmente cando esta sexa algunha das persoas a que se refire o artigo 173.2 do Código penal. Nestes casos non será aplicable o límite que respecto da pena establece o ordinal 1.º deste número.»

e) Modifícase a redacción do primeiro parágrafo do número 2 do artigo 504, nos seguintes termos:

«Cando a prisión provisoria se decretase en virtude do previsto nas alíneas a) ou c) do número 1.3.º ou no número 2 do artigo anterior, a súa duración non poderá exceder un ano se o delicto ten sinalada pena privativa de liberdade igual ou inferior a tres anos, ou os dous anos se a pena privativa de liberdade sinalada para o delicto é superior a tres anos. Non obstante, cando concorran circunstancias que fagan prever que a causa non poderá ser xulgada naqueles prazos, o xuíz ou tribunal poderá, nos termos previstos no artigo 505, acordar mediante auto unha soa prórroga de ata dous anos se o delicto ten sinalada pena privativa de liberdade superior a tres anos, ou de ata seis meses se o delicto ten sinalada pena igual ou inferior a tres anos.»

f) Engádesse un novo número 6 ó artigo 504, coa seguinte redacción:

«6. Cando a medida de prisión provisoria acordada exceda as dúas terceiras partes da súa duración máxima, o xuíz ou tribunal que coñeza da causa e o Ministerio Fiscal comunicarán respectivamente esta circunstancia ó presidente da sala de goberno e ó fiscal-xefe do tribunal correspondente, coa finalidade de se adoptaren as medidas precisas para imprimir ás actuacións a máxima celeridade. Para estes efectos, a tramitación do procedemento gozará de preferencia respecto de tódolos demais.»

g) Modifícase a redacción do artigo 508, nos seguintes termos:

«1. O xuíz ou tribunal poderá acordar que a medida de prisión provisoria do imputado se verifique no seu domicilio, coas medidas de vixilancia que resulten necesarias, cando por razón de enfermidade ou internamento envolva grave perigo para a súa saúde. O xuíz ou tribunal poderá autorizar que o imputado saia do seu domicilio durante as horas necesarias para o tratamento da súa enfermidade, sempre coa vixilancia precisa.

2. Nos casos en que o imputado se encontre sometido a tratamento de desintoxicación ou deshabitación a substancias estupefacientes e o ingreso en prisión poida frustra-lo resultado do dito tratamento, a medida de prisión provisoria poderá ser substituída polo ingreso nun centro oficial ou dunha organización legalmente recoñecida para continuación do tratamento, sempre que os feitos obxecto do procedemento sexan anteriores ó seu

inicio. Neste caso o imputado non poderá saír do centro sen a autorización do xuíz ou tribunal que acordase a medida.»

h) Modifícase a redacción do artigo 509, nos seguintes termos:

«1. O xuíz de instrución ou tribunal poderá acordar excepcionalmente a detención ou prisión incomunicadas para evitar que se subtraian á acción da xustiza persoas supostamente implicadas nos feitos investigados, que estas poidan actuar contra bens xurídicos da vítima, que se oculten, alteren ou destrúan probas relacionadas coa súa comisión, ou que se cometan novos feitos delictuosos.

2. A incomunicación durará o tempo estritamente necesario para practicar con urxencia dilixencias tendentes a evitar os perigos a que se refire o número anterior. A incomunicación non poderá estenderse alén de cinco días. Nos casos en que a prisión se acorde en causa por algún dos delitos a que se refire o artigo 384 bis ou outros delitos cometidos concertadamente e de forma organizada por dúas ou máis persoas, a incomunicación poderase prorrogar por outro prazo non superior a cinco días. Non obstante, nestes mesmos casos, o xuíz ou tribunal que coñeza da causa poderá mandar que volva quedar incomunicado o preso, aínda despois de ter sido posto en comunicación, sempre que o desenvolvemento ulterior da investigación ou da causa ofrezca méritos para isto. Esta segunda incomunicación non excederá en ningún caso os tres días.

3. O auto en que sexa acordada a incomunicación ou, se é o caso, a súa prórroga deberá expresalos motivos por que fose adoptada a medida.»

i) Engádesse un novo número 4 ó artigo 510, coa seguinte redacción:

«4. O preso sometido a incomunicación que así o solicite terá dereito a ser recoñecido por un segundo médico forense designado polo xuíz ou tribunal competente para coñecer dos feitos.»

j) O derradeiro parágrafo do artigo 544 bis queda redactado así:

«En caso de incumprimento por parte do inculpado da medida acordada polo xuíz ou tribunal, este convocará a comparecencia regulada no artigo 505 para a adopción da prisión provisoria nos termos do artigo 503, da orde de protección prevista no artigo 544 ter ou doutra medida cautelar que implique unha maior limitación da súa liberdade persoal, para o cal se terán en conta a incidencia do incumprimento, os seus motivos, gravidade e circunstancias, sen prexuízo das responsabilidades que do incumprimento poidan resultar».

k) O artigo 801 pasa a te-la seguinte redacción:

«1. Sen prexuízo da aplicación neste procedemento do artigo 787, o acusado poderá presta-la súa conformidade ante o xulgado de garda e dictar esta sentenza de conformidade, cando concorran os seguintes requisitos:

1.º Que non se constituíse acusación particular e o Ministerio Fiscal solicítase a apertura do xuízo oral e, así acordada polo xuíz de garda, aquel presentase no acto escrito de acusación.

2.º Que os feitos obxecto de acusación fosen cualificados como delicto castigado con pena de ata tres anos de prisión, con pena de multa calquera que sexa a súa contía ou con outra pena de distinta natureza a duración da cal non exceda os 10 anos.

3.º Que, tratándose de pena privativa de liberdade, a pena solicitada ou a suma das penas solicitadas non supere, reducida nun tercio, os dous anos de prisión.

2. Dentro do ámbito definido no número anterior, o xulgado de garda realizará o control da conformidade prestada nos termos previstos no artigo 787 e, se é o caso, dictará oralmente sentenza de conformidade que se documentará conforme o previsto no número 2 do artigo 789, en que impondrá a pena solicitada reducida nun tercio, aínda cando supoña a imposición dunha pena inferior ó límite mínimo previsto no Código penal. Se o fiscal e as partes constituídas expresasen a súa decisión de non recorrer, o xuíz, no mesmo acto, declarará oralmente a firmeza da sentenza e, se a pena imposta fose privativa de liberdade, resolverá o procedente sobre a súa suspensión ou substitución.

3. Para acordar, se é o caso, a suspensión da pena privativa de liberdade bastará, para os efectos do disposto no artigo 81.3.^a do Código penal, co compromiso do acusado de satisfacer as responsabilidades civís que se orixinasen no prazo prudencial que o xulgado de garda fixe. Así mesmo, nos casos en que de conformidade co artigo 87.1.1.^a do Código penal sexa necesaria unha certificación suficiente por centro ou servizo público ou privado debidamente acreditado ou homologado de que o acusado se encontra deshabitado ou sometido a tratamento para tal fin, bastará para aceptala conformidade e acordala suspensión da pena privativa de liberdade o compromiso do acusado de obter a certificación no prazo prudencial que o xulgado de garda fixe.

4. Dictada sentenza de conformidade e practicadas as actuacións a que se refire o número 2, o xuíz de garda acordará o procedente sobre a posta en liberdade ou o ingreso en prisión do condenado e realizará os requirimentos que dela deriven, remitindo a seguir as actuacións xunto coa sentenza redactada ó xulgado do penal que corresponda, que continuará a súa execución.

5. Se hai acusador particular na causa, o acusado poderá, no seu escrito de defensa, presta-la súa conformidade coa máis grave das acusacións segundo o previsto nos números anteriores.»

Segundo. Introdúcense as seguintes modificacións nos artigos 18, 25, 292, 338, 365, 544 ter, 759, 771, 776, 778, 787, 795, 796, 797, 798, 962, 965 e 966 da Lei de axuízamento criminal:

a) O contido do actual artigo 18 pasa a se-lo número 1 do dito artigo, ó cal se engade un novo número 2 coa seguinte redacción:

«2. Non obstante o anterior, será competente para coñecer dos delitos conexos cometidos por dúas ou máis persoas en distintos lugares, se precedese concerto para isto, con preferencia ós indicados no número anterior, o xuíz ou tribunal do partido xudicial sede da correspondente audiencia provincial, sempre que os distintos delitos se cometesen no territorio dunha mesma provincia e polo menos un deles se perpetrase dentro do partido xudicial sede da correspondente audiencia provincial.»

b) Engádese un novo parágrafo entre os actuais parágrafos segundo e terceiro do artigo 25, coa seguinte redacción:

«En canto non se dicte decisión xudicial firme resolvendo definitivamente a cuestión promovida ou aceptando a competencia, o xuíz de instrución que acorde a inhibición a favor doutro da mesma clase seguirá practicando tódalas dilixencias necesarias para comproba-lo delicto, indagar e identifica-los posibles culpables e protexe-los ofendidos ou prexudicados por el. Para tal efecto, a resolución que inicialmente acorde a inhibición expresará esta circunstancia, e a ela se xuntará unicamente testemuño das actuacións. Dirimida a cuestión ou aceptada a competencia por resolución firme, remitiranse os autos orixinais e as pezas de convicción ó xuíz que resulte competente.»

c) Engádese un parágrafo segundo ó artigo 292, co seguinte contido:

«A policía xudicial remitirá co atestado un informe dando conta das detencións anteriores e da existencia de requisitorias para o seu chamamento e busca cando así conste nas súas bases de datos.»

d) Introdúcese un novo parágrafo entre os actuais parágrafos terceiro e cuarto do artigo 338, co seguinte contido:

«O disposto nos dous parágrafos anteriores será tamén aplicable para os efectos intervidos en relación coa comisión de delitos contra a propiedade intelectual e industrial, unha vez que tales efectos fosen examinados pericialmente.»

e) Engádese un segundo parágrafo ó artigo 365, co seguinte contido:

«A valoración das mercadorías subtraídas en establecementos comerciais fixarase atendendo ó seu prezo de venda ó público.»

f) O número 1 do artigo 544 ter queda redactado así:

«1. O xuíz de instrución dictará orde de protección para as vítimas de violencia doméstica nos casos en que, existindo indicios fundados da comisión dun delicto ou falta contra a vida, integridade física ou moral, liberdade sexual, liberdade ou seguridade dalgunha das persoas mencionadas no artigo 173.2 do Código penal, resulte unha situación obxectiva de risco para a vítima que requira a adopción dalgunha das medidas de protección reguladas neste artigo.»

g) Modifícase o parágrafo segundo da regra 1.^a do artigo 759, nos seguintes termos:

«Cando a cuestión xurda na fase de instrución, cada un dos xulgados continuará practicando en todo caso, ata se dirimir definitivamente a controversia, as dilixencias conducentes á comprobación do delicto, á indagación e identificación dos posibles culpables e á protección dos ofendidos ou prexudicados por el, debéndose remitir recíprocamente ámbolos xulgados testemuño do actuado e comunicarse cantas dilixencias practiquen.»

h) Engádese un segundo parágrafo á circunstancia 1.^a do artigo 771, co seguinte texto:

«A información de dereitos ó ofendido ou prexudicado regulada neste artigo, cando se refira ós

delictos contra a propiedade intelectual ou industrial, e, se é o caso, a súa citación ou localización nos distintos trámites do proceso, realizarase a aquelas persoas, entidades ou organizacións que exerzan a representación legal dos titulares dos ditos dereitos.»

i) Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 776, que pasan a te-la seguinte redacción:

«1. O secretario xudicial informará o ofendido e o prexudicado dos seus dereitos, nos termos previstos nos artigos 109 e 110, cando previamente non o fixese a policía xudicial. En particular, instruirase das medidas de asistencia ás vítimas que prevé a lexislación vixente e dos dereitos mencionados na regra 1.^a do artigo 771.

2. A imposibilidade de practicar esta información pola policía xudicial ou polo secretario xudicial en comparecencia non impedirá a continuación do procedemento, sen prexuízo de que se proceda a realizala polo medio máis rápido posible.»

j) Engádese un novo número 6 ó artigo 778, redactado nos seguintes termos:

«6. O xuíz poderá autorizar ó médico forense que asista no seu lugar ó levantamento do cadáver, xuntándose neste caso ás actuacións un informe que incorporará unha descrición detallada do seu estado, identidade e circunstancias, especialmente todas aquelas que teñan relación co feito punible.»

k) Modifícase o número 6 do artigo 787 e engádese un novo número 7 ó mesmo artigo, co seguinte contido:

«6. A sentenza de conformidade dictarase oralmente e documentarase conforme o previsto no número 2 do artigo 789, sen prexuízo da súa ulterior redacción. Se o fiscal e as partes, coñecida a resolución, expresan a súa decisión de non recorrer, o xuíz, no mesmo acto, declarará oralmente a firmeza da sentenza, e pronunciarase, logo de audiencia das partes, sobre a suspensión ou a substitución da pena imposta.

7. Unicamente serán impugnables as sentencias de conformidade cando non respectasen os requisitos ou termos da conformidade, sen que o acusado poida impugnar por razóns de fondo a súa conformidade libremente prestada.»

l) Modifícase a regra 2.^a do número 1 do artigo 795, nos seguintes termos:

«2.^a Que se trate dalgun dos seguintes delitos:

a) Delictos de lesións, coaccións, ameazas ou violencia física ou psíquica habitual, cometidos contra as persoas a que se refire o artigo 173.2 do Código penal.

b) Delictos de furto.

c) Delictos de roubo.

d) Delictos de furto e roubo de uso de vehículos.

e) Delictos contra a seguridade do tráfico.

f) Delictos de danos referidos no artigo 263 do Código penal.

g) Delictos contra a saúde pública previstos no artigo 368, inciso segundo, do Código penal.

h) Delictos flagrantes relativos á propiedade intelectual e industrial previstos nos artigos 270, 273, 274 e 275 do Código penal.»

m) Modifícase a regra 4.^a do número 1 do artigo 796, que queda redactada así:

«4.^a Citará tamén as testemuñas para que comparezan no xulgado de garda no día e hora que se lles indique, apercibíndoos das consecuencias de non compareceren á citación policial no xulgado de garda. Non será necesaria a citación de membros das forzas e corpos de seguridade que interviñesen no atestado cando a súa declaración conste nel.»

n) Engádese un novo número 4 ó artigo 796, co seguinte contido:

«4. Para os efectos da aplicación do procedemento regulado neste título, cando a policía xudicial teña coñecemento da comisión dun feito incluíble nalgunha das circunstancias previstas no número 1 do artigo 795, respecto do cal, non tendo sido detido nin localizado o presunto responsable, sexa non obstante previsible a súa rápida identificación e localización, continuarán as investigacións iniciadas, que se farán constar nun único atestado, o cal se remitirá ó xulgado de garda tan axiña como o presunto responsable sexa detido ou citado de acordo co previsto nos números anteriores e, en calquera caso, dentro dos cinco días seguintes. Nestes casos a instrucción da causa corresponderá en exclusiva ó xulgado de garda que recibise o atestado.

O disposto neste número enténdese sen prexuízo de dar coñecemento inmediatamente ó xuíz de garda e ó Ministerio Fiscal da comisión do feito e da continuación das investigacións para a súa debida constancia.»

ñ) Modifícanse as regras 5.^a e 8.^a do número 1 do artigo 797, o contido do cal pasa a se-lo seguinte:

«5.^a Levará a cabo, se é o caso, as informacións previstas no artigo 776.»

«8.^a Ordenará a citación, mesmo verbal, das persoas que considere necesario que comparezan ante el. Para estes efectos non procederá a citación de membros das forzas e corpos de seguridade que interviñesen no atestado a declaración dos cales figure nel, salvo que, excepcionalmente e mediante resolución motivada, considere imprescindible a súa nova declaración antes de adoptar algunha das resolucións previstas no artigo seguinte.»

o) Engádese un novo número 3 ó artigo 797, co seguinte texto:

«3. O avogado designado para a defensa terá tamén habilitación legal para a representación do seu defendido en tódalas actuacións que se verifiquen ante o xuíz de garda.»

p) Modifícase o ordinal 1.^o do número 2 do artigo 798, que pasa a te-la seguinte redacción:

«1.^o No caso de se consideraren suficientes as dilixencias practicadas, dictará auto en forma oral, que deberá documentarse e non será susceptible de recurso ningún, ordenando segui-lo procedemento do capítulo seguinte, salvo que considere procedente algunha das decisións previstas nas regras 1.^a e 3.^a do número 1 do artigo 779, caso en que dictará o correspondente auto. Se o xuíz

de garda reputa falta o feito que dese lugar á formación das dilixencias, procederá ó seu axuízamento inmediato conforme o previsto no artigo 963.»

q) Dáse nova redacción ó número 1 do artigo 962, nos seguintes termos:

«1. Cando a policía xudicial teña noticia dun feito que presente os caracteres de falta tipificada no artigo 617, no artigo 623.1 cando sexa flagrante ou no artigo 620 do Código penal, sempre que neste último caso o ofendido sexa algunha das persoas a que se refire o artigo 173.2 do mesmo código, o axuízamento das cales corresponda ó xulgado de instrucción a que se debe entrega-lo atestado ou a outro do mesmo partido xudicial, procederá de forma inmediata a citar ante o xulgado de garda os ofendidos e prexudicados, o denunciante, o denunciado e as testemuñas que poidan dar razón dos feitos. Ó face-la citación apercibirase as persoas citadas das respectivas consecuencias de non compareceren ante o xulgado de garda. Así mesmo, apercibirase de que se poderá celebra-lo xuízo de faltas de forma inmediata no xulgado de garda, mesmo que non comparezan, e de que deben comparecer cos medios de proba de que se tenten valer. O denunciante e o ofendido ou prexudicado serán informados dos seus dereitos nos termos previstos nos artigos 109, 110 e 967.»

r) O artigo 965 pasa a te-la seguinte redacción:

«1. Se non é posible a celebración do xuízo durante o servizo de garda, o xulgado seguirá as regras seguintes:

1.^a Se a competencia para o axuízamento corresponde ó propio xulgado de instrucción, procederá en todo caso ó sinalamento para a celebración do xuízo de faltas e ás citacións procedentes para o día hábil máis próximo posible dentro dos predeterminados para tal fin e, en calquera caso, nun prazo non superior a sete días.

2.^a Se estima que a competencia para o axuízamento corresponde a outro xulgado, remitiralle o actuado para que este proceda a realiza-lo sinalamento do xuízo e as citacións conforme o disposto na regra anterior.

2. O Consello Xeral do Poder Xudicial, de acordo co establecido no artigo 110 da Lei orgánica do poder xudicial, dictará os regulamentos oportunos para a ordenación, coordinadamente co Ministerio Fiscal, dos sinalamentos de xuízos de faltas.»

s) Modifícase o artigo 966, o contido do cal pasa a se-lo seguinte:

«As citacións para a celebración do xuízo de faltas previsto no artigo anterior faranse ó Ministerio Fiscal, salvo nos supostos a que se refire o número 2 do artigo 969, ó querelante ou denunciante, se o hai, ó denunciado e ás testemuñas e peritos que poidan dar razón dos feitos.»

Terceiro. A actual disposición adicional da Lei de axuízamento criminal pasa a ser disposición adicional primeira, e engádese a esta lei unha nova disposición adicional segunda, co seguinte contido:

«As medidas cautelares de prisión provisoria, a súa duración máxima e a súa cesación, así como

as demais medidas cautelares adoptadas no curso dos procedementos penais, anotaranse nun rexistro central, de ámbito nacional, que existirá no Ministerio de Xustiza.

O Goberno, por proposta do Ministerio de Xustiza, oídos o Consello Xeral do Poder Xudicial e a Axencia de Protección de Datos, dictará as disposicións regulamentarias oportunas relativas á organización e competencias do dito rexistro central, determinando o momento da súa entrada en funcionamento, así como o réxime de inscrición e cancelación dos seus asentos e o acceso á información contida nel, asegurando, en todo caso, a súa confidencialidade.»

Cuarto. Engádesse á Lei de axuízamento criminal unha nova disposición adicional terceira, co seguinte contido:

«O Goberno, por proposta conxunta dos ministerios de Xustiza e de Interior, e logo dos informes legalmente procedentes, regulará mediante real decreto a estrutura, composición, organización e funcionamento da Comisión Nacional Sobre o Uso Forense do ADN, á cal corresponderá a acreditación dos laboratorios facultados para contrastar perfís xenéticos na investigación e persecución de delitos e a identificación de cadáveres, o establecemento de criterios de coordinación entre eles, a elaboración dos protocolos técnicos oficiais sobre a obtención, conservación e análise das mostras, a determinación das condicións de seguridade na súa custodia e a fixación de todas aquelas medidas que garantan a estricteza confesionalidade e reserva das mostras, as análises e os datos que se obteñan delas, de conformidade co establecido nas leis.»

Disposición derradeira segunda.

A Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, queda modificada nos seguintes termos:

Primeiro. O primeiro parágrafo do artigo 8 queda redactado da seguinte maneira:

«O xuíz de menores non poderá impor unha medida que supoña unha maior restricción de dereitos nin por un tempo superior á medida solicitada polo Ministerio Fiscal ou polo acusador particular.»

Segundo. O artigo 25 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 25. *Da acusación particular.*

Poderán comparecer no procedemento como acusadores particulares, a salvo das accións previstas polo artigo 61 desta lei, as persoas directamente ofendidas polo delito, os seus pais, os seus herdeiros ou os seus representantes legais se son menores de idade ou incapaces, coas facultades e dereitos que derivan de ser parte no procedemento, entre os que están, entre outros, os seguintes:

- a) Exerce-la acusación particular durante o procedemento.
- b) Insta-la imposición das medidas a que se refire esta lei.
- c) Ter vista do actuado, sendo notificado das dilixencias que se soliciten e acorden.

d) Propor probas que versen sobre o feito delictivo e as circunstancias da súa comisión, salvo no referente á situación psicolóxica, educativa, familiar e social do menor.

e) Participar na práctica das probas, xa sexa en fase de instrución xa sexa en fase de audiencia; para estes efectos, o órgano actuante poderá denegar a práctica da proba de acareo, se esta é solicitada, cando non resulte fundamental para a indagación dos feitos ou a participación do menor neles.

f) Ser oído en tódolos incidentes que se tramen durante o procedemento.

g) Ser oído en caso de modificación ou de substitución de medidas impostas ó menor.

h) Participar nas vistas ou audiencias que se celebren.

i) Formula-los recursos procedentes de acordo con esta lei.

Unha vez admitida polo xuíz de menores a comparecencia do acusador particular, daráselle traslado de tódalas actuacións substanciadas de conformidade con esta lei e permitiráselle intervir en tódolos trámites en defensa dos seus intereses.»

Terceiro. Engádesse unha disposición adicional sexta, que queda redactada como segue:

«Avaliada a aplicación desta lei orgánica, oídos o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio Fiscal, as comunidades autónomas e os grupos parlamentarios, o Goberno procederá a impulsar as medidas orientadas a sancionar con máis firmeza e eficacia os feitos delictivos cometidos por persoas que, aínda sendo menores, revistan especial gravidade, tales como os previstos nos artigos 138, 139, 179 e 180 do Código penal.

Para tal fin, establecerase a posibilidade de prolongalo tempo de internamento, o seu cumprimento en centros nos que se reforcen as medidas de seguridade impostas e a posibilidade do seu cumprimento a partir da maioría de idade en centros penitenciarios.»

Disposición derradeira terceira.

Adiciónase un novo parágrafo final ó artigo 20 da Lei hipotecaria, segundo o texto refundido aprobado polo Decreto do 8 de febreiro de 1946, nos seguintes termos:

«Non poderá tomarse anotación de demanda, embargo ou prohibición de dispor, nin calquera outra prevista na lei, se o titular rexistral é persoa distinta daquela contra a cal se dirixiu o procedemento. Nos procedementos criminais poderase tomar anotación de embargo preventivo ou de prohibición de dispor dos bens, como medida cautelar, cando a xuízo do xuíz ou tribunal existan indicios racionais de que o verdadeiro titular deles é o impu-tado, facéndoo constar así no mandamento.»

Disposición derradeira cuarta.

Nesta lei orgánica teñen carácter de lei ordinaria os preceptos contidos no número segundo da disposición derradeira primeira, no número segundo da disposición derradeira segunda e na disposición derradeira terceira, que foron dictados en exercicio do disposto no artigo 149.1.5.^a, 6.^a e 8.^a da Constitución.

Disposición derradeira quinta.

A presente lei orgánica entrará en vigor o día 1 de outubro de 2004, con excepción da disposición derradeira primeira, a disposición derradeira segunda, a disposición derradeira terceira e a disposición derradeira cuarta, que entrarán en vigor o día seguinte ó da publicación desta lei orgánica no «Boletín Oficial del Estado», e dos números octoxésimo oitavo, octoxésimo noveno e nonaxésimo do artigo único, que modifican os artigos 259, 260 e 261 do Código penal, que entrarán en vigor no mesmo día en que o faga a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 25 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

21539 LEI 46/2003, do 25 de novembro, reguladora do Museo Nacional do Prado. («BOE» 283, do 26-11-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O Museo Nacional do Prado, desde que foi inaugurado en 1819 e ó longo da súa historia centenaria, cumpriu coa alta misión de conservar, expor e enriquece-lo conxunto das coleccións e das obras de arte que, estreitamente vinculadas á historia de España, constitúen unha das máis elevadas manifestacións de expresión artística de recoñecido valor universal.

O posto que ocupa o Museo do Prado como relevante institución cultural do noso país fundaméntase na extraordinaria riqueza das súas coleccións, o valor artístico e a identidade histórica das cales se asentan nunha singular orixe e exemplar formación. En grandes trazos, o seu patrimonio actual baséase na integración da colección dos reis de España, os fondos do decimonónico Museo da Trindade procedentes de institucións relixiosas desamortizadas, e, finalmente, un século máis tarde, as obras do século XIX segregadas do tamén desaparecido Museo da Arte Moderna.

Sen lugar a dúbidas, a denominada colección real constitúe, ademais do patrimonio fundacional do museo, o seu máis permanente acento de excelencia. A formación da colección real remóntase ó reinado de Isabel a Católica, pero a súa definitiva vertebración prodúcese cos Austrias Carlos I e o seu fillo Felipe II, que vincularon irrevogablemente as súas obras de arte á Coroa, amosando así unha vontade de continuidade que mantiveron inquebrantable os seus sucesores. Numerosas adquisi-

cións e o padroado rexio favoreceron o enriquecemento da colección real ó longo do século XVII, en especial durante o reinado de Felipe IV, para quen traballaron algúns dos artistas españois e estranxeiros máis relevantes do seu tempo. Coa chegada dos Borbóns en 1700 cambiou o gusto e o momento artístico, pero non o interese da nova dinastía polo coleccionismo da arte. A definición dunha renovada imaxe real e a intensa actividade constructiva e ornamental dos Borbóns nos reais sitios contribuíron a un grande enriquecemento dos fondos artísticos da Coroa.

No limiar da nosa historia contemporánea créase o Museo Real de Pinturas, fundación de Fernando VII, seguindo o exemplo revolucionario da apertura pública das grandes coleccións históricas europeas. Esta nova institución pública abriu as súas portas por vez primeira o 19 de novembro de 1819. Para a súa instalación o monarca inclinouse polo inacabado edificio deseñado a partir de 1785 polo arquitecto Juan de Villanueva como Real Museo de Ciencias Naturais, e que formaba parte do conxunto científico ideado por Carlos III para o Paseo do Prado e o seu contorno, co Observatorio Astronómico e o Xardín Botánico. A Guerra da Independencia impediu a súa inauguración como Gabinete de Ciencias Naturais. Antonio López Aguado, discípulo de Villanueva, foi o encargado de rehabilita-lo edificio trala contenda para convertelo no digno marco onde se aloxaron ata hoxe as obras máis prezadas das coleccións reais.

A frecuente incorporación de obras procedentes dos sitios e fundacións reais, como é o caso da Academia de Belas Artes de San Fernando, foi a tónica da primeira etapa do museo baixo patrocinio real, que conclúe coa nacionalización das coleccións trala Revolución de 1868. A continuación, en 1872 intégranse os cuantiosos fondos do Museo Nacional de Pintura e Escultura, máis coñecido como Museo da Trindade, neste caso fundado por Isabel II en 1838, para aloxar principalmente as obras procedentes de institucións relixiosas desamortizadas.

Desde a súa inauguración foi incesante o proceso de incremento dos fondos do museo a través de doazóns e legados de particulares, como de adquisicións do propio museo e novas adscricións realizadas polo Estado, como foron en 1971 as obras do desaparecido Museo da Arte Moderna enriquecendo e completando o extraordinario conxunto de obras recibidas tanto procedentes da colección real coma do Museo da Trindade.

Sen embargo, esta acumulación de coleccións, imposibles de albergar na súa integridade no edificio histórico de Villanueva obrigou, xa desde finais do século XIX, a depositar con carácter estable unha gran parte deses novos fondos nunha enorme diáspora de institucións públicas de todo o Estado, así como nun bo número das súas representacións diplomáticas internacionais; situación que se mantivo ata os nosos días e que fai palpable no seu sentido máis estricto a natureza verdadeiramente nacional do Prado.

II

Ó longo da súa historia, e co fin de cumprir coa súa alta misión, o Museo Nacional do Prado dotouse dun conxunto de sucesivas disposicións estatutarias, de elevado rigor técnico para a súa época, que lle outorgaron a esta institución unha tradición e unha identidade propias no seu réxime de goberno, administración e funcionamento.

Entre elas merecen especial mención o Real decreto do 7 de xuño de 1912, que creou o padroado do entón chamado Museo Nacional de Pintura e Escultura; o Real decreto do 4 de maio de 1920, polo que pasou a denominarse Museo Nacional do Prado, e aprobou o Regulamento de réxime e funcionamento do museo vixente